

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION ORDINARIA 25 DE NOVEMBRO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M (incorporase máis tarde).
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Beiro Diz, Pablo
Rodríguez Escudero, Cayetano

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria, para o día de hoxe as nove horas, convocada a orde do día do 21

de novembro que obra en poder das señoras e señores concelleiros, constatamos quorum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(209).- ACTAS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO E SESIÓN EXTRAORDINARIA 15 DE OUTUBRO DE 2013.

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas dos Plenos da Corporación correspondentes ás sesións: ordinaria do 30 de setembro e extraordinaria realizada o 15 de outubro de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1(210).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL “25 DE NOVIEMBRE DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.” EXPTE. 791/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de novembro, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada da Área e Presidenta do Consello Municipal da Muller, remiten a seguinte proposta da representante da vogalía da Muller da Federación veciñal Eduardo Chao e membra do Consello Municipal da Muller, por acordo deste órgano.

A PRESIDENCIA: Acordada tamén polos Grupos Políticos, que lerá a continuación dona Ana Pérez Dávila.

25 DE NOVIEMBRE. DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Un ano máis , atopámonos aquí denunciando a violencia machista, esta lacra social exercida contra as mulleres.

Dende o ano 2003, ata outubro do 2013, foron asasinadas pola violencia machista 710 mulleres no Estado, e 7 crianzas. Este é un terrorismo atroz e silenciado porque unha parte importante sucede dentro das casas. Hai nada escoitabamos a través dos medios de comunicación, e algunhas quedabamos anonadadas, a nova metodoloxía que definen como pioneira, que vai aplicar o goberno do Estado para cualificar os casos de violencia machista cando exista un dano físico. Este cambio racha coa definición que se considera no marco normativo actual do que é a violencia de xénero,

ao contemplar só a violencia física que deixe secuelas para as cales se precise estar ingresada cando menos 24h, e tamén para os casos onde a malleira que reciba a muller leve a que lles custe aos familiares identificala. Isto vai ter enormes repercusións porque está a causar o efecto contrario do que supostamente sería rematar coa violencia, vai deformar ou deturpar a realidade. Con esta cuestión transmítese unha mensaxe subliminal “-que só pasa a ser violencia machista aquela que ten carácter moi grave e que precise de ingreso hospitalario”. Agora ben , esta alternativa será un indicador parcial, co risco de invisibilizar a violencia machista contra as mulleres, nun momento no que están aumentando as mortes das crianzas e que a porcentaxe de violencia machista aumentou un 35% entre os rapaces de 13 a 20 anos.

Actualmente , estanse a deseñar novas lexislacións que van a substituír as anteriores e que nin se contemplan na igualdade legal. Está pendente á aprobación do anteproxecto da Lei orgánica do Código Penal :a intención de lexislar contra á actual interrupción voluntaria do embarazo; o novo Anteproxecto da reforma do Código Civil para o Estado, que vai regular a custodia compartida; a Lei de educación LOMCE, que permite a segregación por sexos. Todas elas contribúen ao empeoramento das condicións de vida das mulleres, someténdonos a unha sociedade desigual e discriminatoria cara ás mulleres, mozas e nenas. Nos últimos anos está a se producir un descenso das denuncias porque os recursos cada vez son menores e a sensibilidade das persoas dos diferentes ámbitos policial, sanitario, xudicial e educativo, mingouo significativamente.

Dende o Concello de Vigo ,solicitámoslles aos medios de comunicación que traten a violencia machista co tratamento que corresponde, que non o están a facer. Pedímoslle a toda a cidadanía que saia á rúa contra a violencia machista. A todos os estamentos públicos que nos apoiem nas nosas reivindicacións. Aos gobernos, que non se mermen as políticas de igualdade, senón que se fagan políticas para acadar unha igualdade real entre homes e mulleres e que entre todas as persoas do mundo rematemos con esta lacra que non nos permite vivir.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

2.1(211).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE FREIREMAR. EXPTE. 797/1101.

ANTECEDENTES.- Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional,

A PRESIDENCIA: Procedemos a súa lectura:

“A delicada situación económica de Freiremar, cuarta pesqueira española, levou á presentación dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) colectivo. Freiremar pon en marcha un ERE de extinción que afectará a 23 centros distribuídos por todo o estado, tanto de produción como de comercialización. Mais a posibilidade de manter o emprego non é similar para todos os centros. Pola información que teñen os traballadores e traballadoras, a empresa ten intención de pechar completamente “Elaborados Freiremar Vigo S.A.” con sede en Beiramar, Vigo, e con 89 traballadores e traballadoras. A mesma sorte ou similar poden correr “Freiremar Comercial S.A.” e “Freiremar S.A.” con sede tamén na cidade de Vigo e con 2 e 23 traballadores e traballadoras respectivamente.

Esta decisión supón, en total, o despedimento de 101 persoas e a desaparición de ditos centros, a pesares de ser o centro de elaboración o que posúe a tecnoloxía máis moderna. A eliminación destes postos de traballo e do proceso de elaboración e frío en Vigo súmase á xa longa cadea de peches de industrias, galegas ou asentadas na Galiza, relacionadas coa actividade extractiva de produtos mariños, o que significa que o proceso que xera máis postos de traballo e valor engadido vaise destruindo de xeito progresivo e incidindo na desaparición dun sector estratéxico da economía galega.

Á súa vez, e por se a perda de emprego non fose suficiente, as traballadoras e traballadores de Vigo corren o perigo de non estar recollidos no plan social proposto pola dirección da empresa no que se contempla o apoio e asesoramento no proceso de busca de emprego do persoal afectado polo ERE destacando que, en dito plan, a empresa reconece a profesionalidade das traballadoras e traballadores.

A resposta do persoal afectado é de indignación pois ao anterior temos que lle engadir que a porcentaxe maioritaria de negocios da empresa corresponde aos ingresos procedentes do tratamento de produtos pesqueiros e acuícolas, traballo que desenvolve a planta de Vigo, e que nos anteriores anos tivo unhas vendas crecentes achegándose á cifra meirande do historial de vendas no último trimestre do ano pasado para logo, e dun xeito “casual”, baixar nos dous primeiros meses do ano que andamos e antecesores da presentación do ERE. Diante da intención da empresa de realizar estas drásticas medidas de axuste laboral, ou con maior rigor deberíamos dicir peche laboral, débese lembrar que esta empresa recibiu axudas públicas en reiteradas ocasións, mesmo algunha de máis de 1 millón de euros para abrir a nave que agora se pretende pechar. Así que consideramos que tanto polo uso que as empresas privadas fan das subvencións, como polo impacto sociolaboral que tería o peche completo dos centros de traballo en Vigo, as administracións deben ter unha actuación proactiva no futuro da empresa, no mantemento dos postos de traballo e no apoio aos traballadores e as traballadoras.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo ofrece o seu apoio ás traballadoras e aos traballadores de Freiremar atendendo as súas demandas e reclamacións e poñendo á súa disposición as axudas precisas, **dentro das súas competencias**, para facer fronte á súa situación económica e laboral así como reclamando ao Goberno galego que realice as accións necesarias encamiñadas a garantir o mantemento da planta de elaboración de Freiremar, así como o emprego correspondente na cidade de Vigo.”

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(212).-PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO DUN CAMIÑO EN BEMBRIVE, ENTRE O CAMIÑO GARABULLA E O CAMIÑO DO CEMITERIO. EXPTE. 19434/240 (768/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de outubro de 2013, o xefe do Servizo de Patrimonio co conforme da concelleira delegada emite o seguinte informe proposta,

“NORMATIVA DE APLICACION

1. Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
2. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
3. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
4. Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
5. Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).
6. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
7. Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O Pleno Municipal, en sesión ordinaria do 25 de marzo de 2013 acordou, conforme co disposto nos arts. 45 e ss. do RBEL, iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal do camiño sito na parroquia de Bembrive neste termo municipal de Vigo, con orixen no Camiño da Garabulla (a altura do nº 5) e remate no Camiño do Cemiterio, dunha lonxitude de 39 ml, superficie total de 134,00 m², e sección media de 3,20 m.

Segundo.- No expediente constan os informes e documentación resultado das actuacións previas efectuadas para determinar a procedencia ou non no inicio do procedemento de investigación dese camiño, que levaronse a cabo a teor do acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive, en sesión do 28 de decembro do 2011, de solicitar ó Concello de Vigo a inclusión do tramo de camiño comprendido entre o Camiño Garabulla co Caimño Cemiterio na parroquia de Bembrive, no inventario de bens municipais, ó considerar súa existencia dende tempo inmemorial, vendo usandose pola xeneralidade dos veciños, entre outros, como acceso ao cemiterio de Bembrive.

Ditas actuacións previas rematon co inicio do expedite de investigación acordado polo Pleno Municipal o 25/03/2013.

Durante a Instrucción do expediente, consta a emisión dos seguintes informes polos diferentes servizos municipais e a aportación de documentación diversa:

- Informe descriptivo e grafico do camiño efectuado polo servizo de cartografía da XMU en data 28.08.2012 e 22.11.2012
- Informe do Servizo de Electromecánicos 21.05.2012
- Informe do Servizo de Limpeza 30.05.2012
- Informe do Servizo de Vías e Obras do 14.06.2012

- Informe-valoración do Arquitecto de Patrimonio do 25.02.2012,22.08.2013 e 7.10.2013.

Terceiro.- Consonte co disposto no art. 49 do RBEL o acordo de inicio do expediente foi publicado no BOP nº 80 do 25 de abril do 2013, con expresión das características identificativas da parcela obxecto de investigación, e exposto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante un prazo de 15 días, dando traslado del tanto á Administración do Estado como á Administración Autonómica, emitindo esta última informe de 18 de abril de 2013 no que afirma que consultado o Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma non consta inscrito o ben investigado.

Durante o período de exposición pública non foron presentadas ningunha reclamación segundo resulta da certificación do rexistro xeral de data 20.05.2013.

Cuarto.- Así mesmo, do acordo de inicio déuselle traslado, como interesados no expediente, a Entidade Local Menor de Bembrive, e propiedades colindantes, constando a formulación de alegacións por Da. Esperanza Fernandez Freiria en data 17.06.2013.

Quinto.- Sometido o expediente a período de proba, e comunicada esta os interesados, non efectuouse proposición de práctica de proba algunha.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- As Entidades Locais, na súa condición de Administracións Públicas de carácter territorial, e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens, segundo resulta do disposto no art. 4.1.d da LRBRL.

Esta facultade permite que a Administración se poida atribuir con efectos constitutivos a titularidade dun determinado ben, cun efecto inmediato, cal é a súa inclusión nos inventarios administrativos correspondentes e no Rexistro da Propiedade.

Polo tanto, acreditada a titularidade municipal, de modo certo, a través dos medios de proba que obren no expediente de investigación, o ben de que se trate inscribírase no Inventario de Bens e Dereitos do Concello, con expresión, entre outros, do título en virtude do que se atribue dita titularidade á Administración, (art. 20 RBEL) e arquivando dun xeito separado e en especial os títulos de dominio, actas de valoración e deslinde, consignando como último dato a sinatura do lugar do arquivo no que obre dito soporte documental.

Consecuentemente co anterior, a través do procedemento de investigación tramitado, trátase de probar con certeza a titularidade municipal dun ben, neste caso a parcela cuestionada, e de documentala mesma.

Segundo.- O procedemento administrativo para o exercicio de dita potestade investigatoria, regulase no RBEL nos art. 45 e ss, establecendo o seu art. 46 a posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación a iniciativa, no seu caso, de cualquier outra Administración que en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecemento os feitos, actos ou circunstancias que servan de base ao exercicio da acción.

No mesmo senso a LRXAP e PAC sinala que os procedementos poderan iniciarse á solicitude da persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por

propia iniciativa ou como consecuencia da orde superior, petición razonada doutros órganos ou por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

Atendendo a dita facultade acordouse polo Pleno municipal a incoación de oficio do expediente de investigación en relación ó devandito camiño, o resultar das dilixencias previas levadas a cabo con anterioridade (art. 48 RBEL) indicios dunha posible titularidade municipal, que determinan a procedencia do seu exercicio.

Terceiro.- Esta potestade investigadora das AAPP, se enmarcan dentro dos medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas, ao igual que acontece coa obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, con suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). Dito inventario autorizarase polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e unha copia do mesmo e das súas rectificacións remitiranse á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, correspondendo ao Pleno Municipal a competencia para súa aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

Se ben o Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que por si mesmo non proba, crea, nin constitue dereito algún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación a Admnsitración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non surten efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), nembargantes supoñese unha presunción da súa titularidade, constituíndo ó mesmo tempo unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico lles recoñece ás AAPP respecto a este.

O feito de que este Concello de Vigo dispoña dun Inventario Municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, e que non figurase rexistrado no seu Epígrafe I como vía pública municipal o camiño obxeto de investigación, motivou xunto co resultado das actuacións previas, a necesidade da investigación acordada que producira entre outros efectos, de resultar favorable a súa alta nese IMBD.

Cuarto.- Instruído o procedemento de investigación, e a teor dos informes e documentación que obra no expediente, pódese deducir que no presente caso, concorren os seguintes feitos e circunstancias en relación coa vía investigada:

- a) Pola súa configuración física trátase dun vial que serve de conexión entre outras vías municipais (Cño. Garabulla e Cño Cemiterio), pavimentado pola Concello con asfalto, e perfectamente delimitado polas edificacións e muros de peche das propiedades ás que dá fronte.
- b) Trátase dunha vía aberta ao uso común xeral dos veciños pola que se pode transitar sen limitación algunha, integrada na rede viaria municipal, e pola que se serven parcelas e propiedades colindantes. A súa existencia ven dende tempo inmemorial, sendo usado pola xeneralidade dos veciños, entre outros usos, como acceso ao cemiterio de Bembrive, segundo declara a Entidade Local Menor de Bembrive.
- c) Que dito camiño é colindate polo todo seu vento oeste coa propiedade municipal correpondente o cemiterio de Bembrive, parcela que figura no Inventario Municipal de Bens e dereitos deste concello. Dacordo coa descripción

da parcela municipal, inscrita no rexistro da propiedade nº 2 de Vigo (Finca nº 12333), a mesma lindaría polo seu vento leste con “camiño”, concordante consequentemente co que é obxecto de investigación.

Igualmente resulta reflectida súa existencia, no título de propiedade achegado durante a instrución do expediente, correspondente a finca (Cño. Garabulla nº 5) colindante polo vento leste, no que sinalase como lindeiro oeste: “camino”.

d) O seu reflexo como vía pública na cartografía do catastro, así como no PXOM vixente que a configura como vial, fixandolle alineacións ó longo do seu trazado, tal como segundo resulta do informado polo arquitecto de Patrimonio.

Quinto.- Na tramitación do expediente foi presentadas alegacións por Da. Esperanza Fernandez Freiria solicitando a no inclusión de dito terreo no Inventario Municipal ó considerar que é da súa propiedade, ó pertencerlle por acordo verbal co o anterior propietario, e que antigamente súa finca con referencia catastral 5927305ng2752n, era colindante cos terreos do cemiterio, segundo manifesta.

Nembargantes cabe sinalar que o manifestaado pola interesada non deixa de ser unha mera argumetnación desprovista da mínima proba que a acredite dita titularidade, baseada nun “acordo verbal” co anterior propietario, resultando insuficiente o mesmo para poder sustentar o dereito alegado. Da realidade física existente, non deduce se dita titularidade, o contrario, a parcela catastral da interesada atopase perfectamente delimitada e colinda co tramo do camiño investigado ó que da fronte e a separa do cemiterio municipal, polo que a existencia de terreos fora da dita parcela, non concorda nin coa realidade física nin cos datos catrastais.

Sexto.- O art. 79 da LBRL establece que os bens das entidades locais son de dominio público ou patrimoniais, calificando dentro dos primeiros os destinados ao uso público e ao servizo público. Así mesmo o art. 264 da LALG dipoñe que son bens de uso público local, entre outros os camiños, prazas, rúas, e demais de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local. No mesmo senso o art. 339 e 344 do CC define como bens de dominio público os destinados ao uso público como os camiños veciñais, as prazas, rúas, fontes e demais obras públicas de servizo xeral, costeadas polos mesmos pobos. Consequentemente a demanialidade dun ben e polo tanto a súa correcta inclusión no demanio municipal, veñe determinada pola concorrencia de certos factores ou circunstancias de uso ou aproveitamento público en xeral, e do seu sometemento ao ámbito competencial da administración en cuestións de conservación e policía.

Cabe sinalar que a lei reguladora do patrimonio das administracións públicas recoñecelles a plena capacidade para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos, por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico, entre outros o da prescripción adquisitiva de acordo co establecido no CC e nas leis especiais (art. 15 e 22 da LPAP en relación co art. 1957 e 1959 do CC). Dito modo de adquisición responde en moitos casos a supostos nos que se refire ás vías municipais, dada a especial natureza que na maior parte acontece nestes casos nos que se trata de camiños ou antigas rúas que poden non responder a un título documental previo, se non a un proceso continuado no tempo do uso e aproveitamento público en xeral polos veciños nos que a administración presta progresivamente os seus servizos ata a consolidación deses espazos como integrantes do demanio público.

No presente caso, as circunstancias anteriormente sinaladas que se dan en relación á vía investigada, reflicten unha posesión inmemorial a título de dono por parte do Concello, que de xeito ininterrumpido a ven poseindo na condición de vía pública,

avalada tanto polas características físicas que reúne como punto de comunicación con outras vías públicas, incardinadas dentro do entramado viario municipal, que serve de acceso a parcelas a que dan fronte, e atópase aberta ao libre tránsito de persoas de xeito xeral e indiscriminado; venso sendo usado pola xeneralidade dos veciños, entre outros usos, como acceso ao cemiterio de Bembrive, segundo declara a Entidade Local Menor de Bembrive; como polo feito de que acometera seu asfaltado polos servicios municipais; ou que xa conste reflexado como tal camiño nos títulos de propiedade correspondentes as fincas colindantes, así como no catastro, e vencellado o seu destino como vía pública no vixente PXOM.

Setimo.- A concorrencia deses indicios acreditativos dun uso e posesión pública municipal do camiño que resulta da instrución do procedemento de investigación, determina a procedencia da declaración da titularidade pública municipal do mesmo, sen prexuízo do que no seu caso poda corresponder á xurisdicción civil, como órgano competente na materia, para o coñecemento e resolución das cuestións de propiedade que poidan xurdir (art. 55 RBEL), que en modo algun verase prexulgada polo que poida resultar do exercicio desta facultade administrativa.

Neste senso, o art. 43 da LPAP dispoñe que os actos administrativos ditados nos procedementos que se sigan para o exercicio das facultades e potestades que ostentan as AAPP para a defensa dos seus bens que afecten a titularidade e dereitos de carácter civil só poderan ser recorridos ante a xurisdicción contenciosa-administrativa por infracción das normas de competencia e procedemento, previo agotamento da vía administrativa; quenes se consideren prexudicados en canto o seu dereito de propiedade e outros de natureza civil por ditos actos poderan exercitar as accións pertinentes ante os órganos da orde xurisdiccional civil, previa reclamación en vía administrativa conforme as normas do título VIII da L 30/1992 RXAP e PAC .

Oitavo.- Trala declaración de titularidade, a adoptar polo órgano municipal competente, e previa tasación do ben, procederase a súa inclusión no inventario municipal de bens e dereitos, no epígrafe I Viais, reflexándose cos datos e características precisas para a súa identificación (art. 20.g) e 53 RBEL).

A alta inventarial do camiño efectuarase dacordo cos seguintes datos técnicos:

Orixen: Camiño da Garabulla (nº 5)
Remate: Camiño do Cemiterio
Lonxitude: 39,00 ml
Superficie total: 134,00 m2
Sección media: 3,20 m.
Pavimento: Asfalto sen beiraruas
Folla Cartografica: 14-P
Valor Tasación: 4.020 euros.

Noveno.- As Administracións públicas deben inscribir, nos correspondentes rexistros públicos, os bens e dereitos do seu patrimonio, sexan de natureza demanial ou patrimonial, susceptibles de inscrición, así como todos os actos e contratos referentes ós mesmos que poidan ter acceso a ditos rexistros (artigo 36.1 LPAP).

A inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ó dominio e demais dereitos reais sobre bens inmoables practicarase no Rexistro da Propiedade (artigo 1 LH) e terá que practicarse de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP.

Decimo.- Resulta competente para a adopción do acordo resolutorio do exercicio da facultade de investigación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos, o

Pleno Municipal, de acordo co disposto no art 123.1.m LRBRL e artigo 34 do RBEL..

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo informe da secretaría xeral (art 54.3 TRRL e art. 9 RBEL) e ditame da Comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte,

De seguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18.11.2013, ditamina favorablemente dita proposta.

(No momento da votación atópase ausente o Sre. Figueroa Vila.)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

“Primeiro.- Declarar de titularidade do Concello de Vigo o terreo destinado a camiño de uso público, sito na parroquia de Bembrive neste termo municipal de Vigo, con orixen no Camiño da Garabulla (a altura do nº 5) e remate no Camiño do Cemiterio, dunha lonxitude de 39 ml, superficie total de 134,00 m², e sección media de 3,20 m., reflectido no plano escala 1/1000 de data novembro 2012 do Departamento de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Segundo.- Dar de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, Epigrafe I Vías-Públicas, dito camiño de uso público coa seguinte descrición:

Orixen: Camiño da Garabulla (nº 5)

Remate: Camiño do Cemiterio

Lonxitude: 39,00 ml

Superficie total: 134,00 m²

Sección media: 3,20 m.

Pavimento: Asfalto sen beirarrúas

Folla Cartográfica: 14-P

Valor Taxación: 4.020 euros.

Terceiro.- Proceder á notificación da presente declaración de titularidade ás propiedades colindantes e publicación no BOP para xeral coñecemento.

Cuarto.- Dar traslado do acordo ó departamento de estadística para inclusión do camiño no rueiro municipal, e demais servizos municipais para coñecemento e ós efectos pertinentes.”

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(213).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL Á REALIZACIÓN DAS OBRAS PENDENTES DE MANTEMENTO, ASFALTADO E LIMPEZA DA ESTRADA PO-7004, GRAN VÍA-AVDA. MADRID/ESTRADA PROVINCIAL. EXPTE. 785/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de novembro de 2013, número 785/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A Deputación Provincial de Pontevedra vén incumprindo de forma sistemática as peticións do Concello de Vigo sobre viais da súa competencia que se encontran en mal estado de conservación, sen asfaltar e sen proceder aos labores elementais de limpeza.

Todo isto supón un grave prexuízo para os vigueses afectados que sofren a política de discriminación da Deputación Provincial de Pontevedra.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

-Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a que realice as obras pendentes de mantemento, asfaltado e limpeza da Estrada PO-7004, Gran Vía-Avenida de

Madrid/Estrada Provincial. “

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Volvemos a atopármonos neste Pleno instando á Deputación de Pontevedra a que atenda á cidade de Vigo. As viguesas/es aportan todos os anos ás arcas da Deputación de Pontevedra 50 millóns de euros, dos cales recibe escasamente tres millóns de euros. As veciñas/os da rúa PO-2001, Vigo a Garrida; PO-2002, Gran Vía Avda. de Madrid; PO-2003, Coruxo-Canido; PO-2004, Beade-As Carneiras; PO-2005, Meixoeiro-O Cuvi; PO-2603, Puxeiros-Peinador; PO-2604, Rebullón-Meixoeiro, todos estes veciños/as que viven nestas rúas que dependen da Deputación considéranse cidadáns de segunda, ao ver que a maioría dos viais están a ser humanizados e os que dependen da Deputación están nun estado calamitoso, e cando se reparan, despois de moito insistir polas veciñas/os e por este Concello, fanse amaños de rango menor, arranxos de superficie, nunca arranxos estruturais. Mentres tanto vemos como noutras cidades, vilas e pobos da provincia de Pontevedra fanse investimentos millonarios se ningún tipo de rigor e de control. Os cidadáns teñen dereito a saber que a construción do campo de fútbol de Pasarón, unha obra que se presupostou en 8,5 millóns de euros, acabou custando 15,8 millóns de euros, máis dun 85% do presupostado, xa coñecemos ó Sr. Louzán e ó Sr. Figueroa, cal é a súa forma de actuar, igual que o que pasou en Pasarón pasoulle tamén as Pousadas, un orzamento inicial para construír catro hoteis era de 9,4 millóns de euros, que finalmente custou estas pensións, estes hoteis, todos fora de Vigo, dezaseis millóns de euros sen ningún tipo de control. Estas son as prioridades da Deputación de Pontevedra en tempos de crise, non facer nada no tecido produtivo, na cidade de Vigo, motor económico de Pontevedra e de Galicia.

No tema dos paradores, neste momento vemos como o Goberno do Partido Popular está pechando Paradores e está abrindo novas pousadas. Non podemos entender esta forma de facer política.

Pasou tamén, no Centro de acollida de cans en Ribadumia, que casualidade na terra do presidente da Deputación, que acaba de poñelo en marcha este verán e xa anunciou que vai facer nos próximos orzamentos unha emenda para facer unha ampliación 150.000 euros. Pode ser tan pouco rigoroso cos seus proxectos? Pode ser que os seus proxectos sempre requiran máis cartos do que se presupostan? Que os proxectos da Deputación sexan todos fora da cidade de Vigo e que acaben custando o dobre do que foron presupostados? Ou fan orzamentos moi mal ou quérennos facer a

tódolos vigueses/as parvos. Pero o máis grave desta situación é a falla de transparencia en todos estes procesos administrativos da Deputación, o Sr. Louzán e o Sr. Figueroa tratan á Institución provincial como se fose a súa propia casa, se ningún tipo de explicación ou información, igual que aconteceu co gasto da volta ciclista do ano 2013, é a diferenza de onde goberna o Partido Popular e onde goberna o Partido Socialista, o Goberno de Vigo, transparente e serio en tódalas súas propostas. No mes de setembro pasado, na Volta, tivemos coñecemento que ademais dos millóns iniciais de gasto do Sr. Louzán e o Sr. Figueroa que asinou con Concellos de Vilanova, de Baiona, de Vilagarcía, de Sanxenxo, de Lalín un convenio para os gastos das saídas, chegadas das tres etapas, que casualidade de Vigo ou de Pontevedra non debeu de saír porque aí non houbo convenio, ou sería porque só asina convenios co goberno do Partido Popular e con gobernos dirixidos polo Partido Popular, que casualidade, usan as institucións como ferramentas do Partido Popular e non, as administracións son para xestionar os intereses de todos/as.

Para que podamos ver a diferenza que hai onde goberna o Partido Popular e o transparente que somos no goberno de Vigo, polo tanto Sr. Figueroa atenda dende a Deputación á cidade pola que é deputado provincial, a cidade pola que é vicepresidente da Deputación enfróntese ao seu partido en Pontevedra, Santiago de Compostela e Madrid por facer e defender os intereses de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: Polo que se ve seguen existindo as Deputacións, porque é unha moción máis solicitando cuestións á Deputación. Eu creo que o Sr. Presidente da Xunta de Galicia o Sr. Núñez Feijóo en vez de adicar tanto tempo en intentar convencer aos Partido Políticos da redución dos parlamentarios no Parlamento Galego para que dar só os parlamentarios do Partido Popular, que é o que parece perseguir reducindo a democracia, co argumento de aforro nestes momentos de crise, eu creo que o mellor aforro que podía facer é eliminar as Deputacións, iso é o que tiña que facer.

Con respecto a esta moción, dicir que se arranxe a estrada é nada máis, que a Deputación deixe de utilizar de maneira “caciquil” os cartos dunha institución.

Imos votar a favor da moción.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que isto non é o foro para falar da xestión das administracións, de se Deputación si ou non, ademais apliquen no exemplo, se non están de acordo coas Deputacións tampouco terían que gobernar, nin insistir, nin esixirlle inversión e obras.

Nós tamén imos apoiar esta moción, porque a moción non é esta rolda de prensa que fixo o Sr. Regades sobre a Deputación, os xestores, das diferentes vilas da provincia de Pontevedra, senón que a moción é arranxar a estrada Provincial entre a Avenida de

Madrid e Gran Vía, nós apoiamos esta moción porque cremos que a pesares de foi reparada e asfaltada nos últimos anos en varias ocasións, hai algunha deficiencia nalgunha beirarrúa, e é verdade que fai falla e a Deputación farao. A Deputación agora, está elaborando uns orzamentos que probablemente aprobe este ano, cousa que non vai pasar neste Concello porque non o van facer, entón haberá unha partida destinada para iso.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Como é ben sabido, este Goberno, este Alcalde propuxo en varios foros a falla de transparencia da Deputación e sobre todo a non necesidade das Deputacións como instrumento político, eu comparto a intervención do Bloque Nacionalista Galego, que di a que as Deputacións son un órgano obsoleto e pouco transparente.

Señores do Partido Popular, decídesnos que por que reclamades á Deputación senón credes nelas, reclamamos á Deputación porque lle digo o que lle dicíamos ao principio, aportamos cincuenta millóns de euros, as viguesas/es á Deputación de Pontevedra, dos que recibimos escasamente tres millóns de euros, polo cal temos dereito a esixir que o que aportamos sexa reflectido na nosa cidade.

A verdade que eu agradezo tanto o apoio do Partido Popular, como o do Bloque Nacionalista Galego en arranxar esta cidade, esta rúa da cidade de Vigo.

O que dicíamos era que temos máis rúas que temos que seguir traballando, porque o que non pode ser é que nos atopemos, este Pleno, o Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, esixiu e aprobou unha moción que dicía que tiñamos que arranxar os viais do Ministerio de Fomento que están na nosa cidade, e atopámonos estes días, que en vez de arranxar os viais nos puxeron unha sinal que di “excepto circulación agrícola”, por onde tódalas veciñas de Valladares, de Matamá, de San Andrés de Comesaña podían circular cos seus coches, atopámonos cunha moción que tamén aprobou o Partido Popular neste Pleno para arranxar eses viais, que en vez de arranxar os viais o que fan é dicir “non pasade por aí, así xa non hai ningún problema”. O que lle pedimos é que nos marquen un prazo para que a Deputación de Pontevedra arranxe estes viais e tamén lle pedimos que o Ministerio de Fomento retire estas sinais e que eses viais que usaban as veciñas/os de Matamá, de Valladares, de San Andrés de Comesaña e de Beade que poidan volver usalos e circular e que retiren estas sinais que prohíbe o paso excepto vehículo agrícola.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Figueroa Vila.)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, instando á Deputación a realizar as obras pendentes de mantemento, asfaltado e limpeza da estrada PO-7004, Gran-Via-Avda. Madrid, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2(214).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RETIRADA DO PROXECTO DE LEI DO SECTOR ELÉCTRICO EN TRAMITACIÓN NAS CORTES XERAIS, ASÍ COMO A RESPECTAR OS COMPROMISOS INTERNACIONAIS DE REDUCIÓN NA EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO. EXPTE. 787/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro de 2013, número 787/1101, a concelleira do grupo político Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“Co Proxecto de Lei do Sector Eléctrico, cuxa tramitación parlamentaria concluirá previsiblemente no mes de decembro próximo, o Goberno parece querer dar por concluído o proceso de dous anos de continuos cambios normativos que agora se presentan como un remedio de reforma enerxética, e que tiveron o seu inicio no Real Decreto 1/2012 de moratoria para as enerxías renovables.

Non é en absoluto recomendable que unha reforma da profundidade e alcance desta, que modifica o marco legal instaurado en 1997, se leve a cabo dende a opacidade máis absoluta, prescindindo da insubstituíble participación dos axentes concernidos (administracións afectadas, consumidores, empresas...), e sen ningún indicio de vontade de consenso parlamentario. O que lle supuxo severas críticas dos Organismos Reguladores Independentes, tanto da Comisión Nacional da Enerxía, como da Comisión Nacional do Mercado da Competencia, e que espertou unha enorme inquietude máis alá das nosas fronteiras.

As razóns do rexeitamento que concita esta reforma poderíamos resumilas en que:

- Consolida un marco enerxético superado por 15 anos de desenvolvementos tecnolóxicos fosilizando a España no pasado, obviando que a realidade de hoxe é radicalmente distinta da de 1997, como o demostran feitos tan relevantes como a catástrofe de Fukushima, ou as evidencias contundentes e incontestables sobre os efectos do cambio climático.
- Ignora que a Unión Europea trazou unha folla de ruta enerxética a 2050 que pode deixar descolgados aqueles países que non acomodan as súas propias estratexias ao espazo común. Moi especialmente no caso de países que, como España, precisan dun grande esforzo de interconexión para suplir o efecto illa.

- Despreza a oportunidade que as economías tractoras da UE viron na chamada transición enerxética. Alemaña abordou a súa en 2010, Reino Unido inicia agora a execución da súa tras varios anos de traballo, e Francia acaba de poñer en marcha unha sorte de pacto de país coa vontade de acordar a súa gran transición enerxética.
- Bota pola borda o traballo dos últimos anos dun sector empresarial innovador e puxante, que nos colocou á cabeza do liderado mundial en renovables, desencadeando en paralelo un novo conflito social que pode traducirse en miles de desafiuzamentos para os investidores familiares que acompañaron o enorme esforzo investidor que iso supuxo.
- Lonxe de resolver o déficit de tarifa, consolídao trasladándoo ao recibo da luz co conseguinte incremento do prezo da electricidade para as empresas e as familias, deteriorando a competitividade daquelas e golpeando as economías destas.
- En plena crise fai aflorar unha nova brecha social, a que vén da man da pobreza enerxética para aquelas familias que se ven obrigadas a renunciar a determinados servizos nos seus fogares, vendo rebaixada a súa calidade de vida a niveis que non se vían dende había décadas no noso país.
- Despreza a oportunidade de avanzar en independencia enerxética ao renunciar ás renovables, condenando aos cidadáns e empresas a ter que pagar unha enerxía máis cara que o resto da UE e que, o que é máis grave aínda, seguirá encarecéndose por enriba dos países do noso ámbito nos próximos anos.

A avalancha de preitos e recursos que xa se están a formular dende practicamente todos os sectores confirma o enorme rexeitamento que suscita esta chamada Reforma Enerxética, e este municipio non pode quedar á marxe da defensa dos intereses do conxunto de veciños que sufrirán as consecuencias desta nos seus petos, nos seus empregos e na súa calidade de vida.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno da Nación a retirar o Proxecto de Lei do Sector Eléctrico actualmente en tramitación nas Cortes Xerais, así como á derogación das normas que ameazan con poñer fin ao desenvolvemento das enerxías renovables, e a poñer en marcha un proceso de participación e de diálogo o máis amplo posible, encamiñado a consensuar unha política enerxética para o país que traslade seguridade xurídica e estabilidade razoable nun sector estratéxico como é este.
2. Instar ao Goberno da Nación a respectar os compromisos internacionais adquiridos en materia de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, e a unha obrigada converxencia coa Estratexia Enerxética Europea en materia de aforro e eficiencia, así como do cumprimento de obxectivos en enerxías renovables.
3. O Concello comprométese á súa vez a implementar medidas de eficiencia e de aforro enerxético, e de apoio ás enerxías renovables, no ámbito das súas competencias. “

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Co proxecto de Lei do Sector Eléctrico, cuxa tramitación parlamentaria concluirá previsiblemente no mes de decembro próximo, o Goberno parece querer dar por concluído o proceso de dous anos de continuos cambios normativos que agora presenta como un remedio de reforma enerxética, e que tivo o seu inicio no Real Decreto 1/2012 da moratoria para as enerxías renovables. Nunha reforma en profundidade, o alcance desta non está falada nin cos colectivos, nin cos movementos, coas empresas, nin coas administracións afectadas, é sen ningún inicio de vontade de consenso parlamentario que lle supuxo severas críticas dos organismos reguladores independentes, tanto da Comisión Nacional da Enerxía como da Comisión Nacional do Mercado da Competencia e que espertou unha enorme inquietude máis alá das nosas fronteiras. A razón do rexeitamento que leva consigo esta reforma poderíamos resumila en “consolida un marco enerxético superado por quince anos de desenvolvementos tecnolóxicos fosilizando a España no pasado”. Obviamente que a realidade de hoxe é radicalmente distinta á de 1997, como demostran feitos tan relevantes como a catástrofe de Fukushima ou as evidentes, contundentes e incontestables efectos do cambio climático, ignora que a Unión Europea trazou unha folla de ruta enerxética ato o ano 2050, que pode deixar descolgados a aqueles países que non acomoden as súas propias estratexias ao espacio común, moi especialmente no caso de países como España que precisan dun gran esforzo de interconexión para saír do efecto illa.

Despraza a oportunidade que as economías tractoras da Unión Europea viron na chamada transición enerxética, Alemaña abordou a súa no ano 2010, deu inicio agora á execución tras varios anos de traballo e consenso con tódolos sectores afectados. En Francia acaban de poñer en marcha unha, sorte de pacto do país, cunha vontade de acordar a súa gran transición enerxética.

Bota pola borda o traballo dos últimos anos dun sector empresarial innovador e puxante que nos colocou á cabeza do liderado mundial en enerxías renovables, unha zona como a de Vigo, como a área de Vigo de forma destacada neste sector.

Lonxe de resolver o déficit da tarifa consolidado, trasladan ao recibo da luz de tódolos cidadáns/as, co conseguinte incremento de prezo da electricidade para as familias e para as empresas, deteriorando a competitividade daquelas empresas e golpeando a economía familiar de tódolos nosos fogares. Chegaríavos estes días o recibo da luz cun incremento de 30 euros por recibo e chegaríavos a todos a proposta que fai a Xunta de Galicia, ca subida de Sogama de máis dun 30% no seu recibo, tamén que se lle repercutirá a tódalas galegas/os e vigueses.

En plena crise faise aflorar unha nova brecha social que ven da man da pobreza enerxética para aquelas familias que se ven obrigadas a renunciar a determinados servizos nos seus fogares, vendo a rebaixa na calidade da súa vida a niveis que non se vían dende había décadas no noso país, porque para aforrar consumos, para volver a pagar o mesmo que se pagaba antes no recibo da luz nos nosos fogares hai que renunciar á calefacción, a servizos esenciais que non se vivían neste país dende hai moitas décadas.

Despreza a oportunidade de avanzar, da independencia enerxética ao renunciar ás renovables, condenando aos cidadáns e as empresas a ter que pagar unha enerxía máis cara que a do resto da Unión Europea, e o que é máis grave aínda, seguirá encarecéndose por riba dos países do noso ámbito nos próximos anos.

A avalancha de preitos e de recursos que se están a formular dende practicamente tódolos sectores confirma o enorme rexeitamento que suscita esta chamada "reforma enerxética". Este municipio, a cidade de Vigo que é referente en enerxías renovables, que é pioneiro na integración na cidade de enerxías renovables como aeroxeradores e fotovoltaicas, non pode quedar á marxe da defensa dos intereses do conxunto das veciñas/os que sufrirán as consecuencias nos seus petos, nos seus empregos e na súa calidade de vida. Por iso propoñémoslle ao Pleno desta Corporación que acorde o rexeitamento desta nova lei, que se sente cos colectivos, tanto cidadáns como empresarios, para facer un proxecto serio e rigoroso.

SR. ALONSO PÉREZ: O novo proxecto do sector eléctrico é un novo fraude da política do Partido Popular, están máis preocupados de favorecer ó oligopolio das grandes empresas enerxéticas que de ofrecer apoios as fontes de xeración de enerxías alternativas.

O Partido Popular en cada decisión que toma deixa claro para quen goberna, reducen salarios, soben impostos, provocan cada vez máis desigualdade, exclusión social e empobrecemento das rendas dos galegos/as que frean a posibilidade de saír da crise, e no que vai de ano xa subiron o canón da auga entre o 150 e 300%, o IBI entre o 4 e o 10%, o recibo da luz o 13,5%, as escolas infantís un 19% de media, os comedores escolares un 40% e agora tócalle a quenda ao incremento dun 34% da taxa do lixo de Sogama, como consecuencia desta reforma do sector eléctrico que impón recortes na tarifas para percibir polo coxeneración eléctrica.

Ante a caída de ingresos que sufrirá Sogama pola xeración de enerxía, optase unha vez máis por cargarlle á cidadanía este recorte, en lugar de facelo sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía. Con este novo aumento pasaríamos a pagar dos corenta e catro euros que custaba o prezo inicial por tonelada, cando se iniciou Sogama, a setenta e catro euros coa suba, de corenta e catro a setenta e catro.

O Bloque Nacionalista Galego rexeita este proxecto de Lei do Sector Eléctrico e por iso no Parlamento español xa presentou unha emenda á totalidade do proxecto. Rexeitao porque é un proxecto que prexudica a Galicia, centralista, impide o deseño de políticas enerxéticas propias ás comunidades autónomas, o proxecto elimina o réxime especial no que tiñan competencias e capacidade de actuar as Comunidades Autónomas. É unha lei centralista, que non contempla as diferentes achegas ao sistema eléctrico, dende o ámbito territorial e que impide a territorios excedentarios, como o galego, ao desenvolvemento dunha política enerxética propia.

Con esta nova lei prexudícase ás persoas consumidoras e as pequenas e medianas empresas do país, non é xusto que haxa unha única tarifa para todo o Estado senón que debe haber un prezo asociado á situación de cada territorio excedentario ou deficitario. Galicia é un territorio excedentario e debería ser compensada e ter un prezo propio, Galicia produce entre un 30 e un 40% máis de enerxía que a que consume, e abona as facturas máis caras que por exemplo Madrid.

Por iso, o Bloque Nacionalista Galego reclama unha tarifa eléctrica galega, cunha redución do 20% do recibo da luz, ademais o proxecto atenta contra o medio ambiente ao frear as enerxías renovables, as que cada vez relega máis a unha posición secundaria, optando por incentivar aínda máis ás enerxías non limpas. O Partido Popular leva adiante este proxecto de lei sen dialogar, nin coas Comunidades Autónomas, nin cos axentes sociais, nin con ninguén, ao Partido Popular so lle interesa garantir a sostenibilidade económica e financeira do sistema eléctrico pero non se preocupa dos consumidores, nin das pequenas empresas, ademais mantén as estruturas que provocan o déficit tarifario, que está no sistema de prezos, da uns beneficios extraordinarios aos axentes xeradores de electricidade, sobre todo aos de enerxías amortizadas como as hidroeléctricas ou a nuclear prexudicando as enerxías renovables.

Como xa temos visto co parón e co desastre que ocasionou a paralización do sistema do sector eólico en Galicia que impulsara o Bloque Nacionalista Galego, a paralización do sector por parte do Partido Popular é un desastre económico e enerxético.

Por todas estas razóns nós imos a apoiar a moción e ademais propoñemos unha emenda de engádeda que di “instar ao Goberno do Estado a que Galicia, como territorio excedentario na produción de enerxía eléctrica, sexa compensada e que por soportar os custes sociais e medio ambientais das instalacións de produción deba ter un prezo propio”.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Realmente eu quixera saber cal é o fondo do debate porque ningunha das propostas que se fixeron xustifica realmente a moción, de feito non fan ningunha proposta de mellora de cara a lei, só retirala porque está liderada polo

Partido Popular.

Para nós é primordial baixar o recibo da luz e resolver o déficit de tarifa, herdada de 26.000 millóns de euros que deixaron o Partido Socialista apoiado polo Bloque Nacionalista Galego a tódolos españois, hai que pagar o que se debe, isto é así.

O recibo da luz subiu dende 2005 a 2011 un 63% gobernando vostedes, para pagar ese déficit de tarifa agora teríamos que subir o recibo da luz un 45%, e lonxe de subir a luz un 45% repartiuse entre xeradores, produtores e algo, intentando ser o mínimo posible, aos consumidores. Voulle dicir as fortalezas do noso sistema que son moitas, temos un mix diversificado e equilibrado de cronoloxías de xeración, temos un alto nivel de penetración das enerxías renovables, próximo ao 50% na enerxía producida na primeira metade de 2013, e temos un elevado desenvolvemento de infraestruturas. Saben cales son as nosas debilidades? Pois basicamente as herdadas do pasado, temos unha tarifa industrial que se incrementou un 60% e unha doméstica nun 87% fronte á Unión Europea que se incrementou un 27%.

Como lles dicía o déficit de tarifa supera os 26.000 millóns de euros, os custes regulados creceron de forma exponencial nos últimos anos moi por riba dos ingresos, isto é, si producimos máis caro do que vendemos iso xera un déficit que é o que temos a día de hoxe. Lonxe de resolver isto, vostede seguiron primando as renovables e lémbrolle que as renovables tamén están guiadas por os grandes xeradores de electricidade deste país, as grandes compañías, isto é o que temos a día de hoxe, as renovables fixeron que maioritariamente isto que vemos aquí en verde se suba o prezo e o custe de produción da enerxía. Como vostede dicía, Sr. Alonso, a que prezo se produce a enerxía aquí en Galicia?. Nós temos excedentes de produción, pero a que prezo? Porque a enerxía hai que vendela, véndeselle aos usuarios, aos que estamos aquí, a empresas e tamén a mercados e hai que vendela a bo prezo porque senón non compran e é o que nos está pasando que non temos bo prezo por iso, claro que tódolos cidadáns desta cidade protestan porque se sobe, porque non queremos comprar a ese prezo, Sr. Alonso.

O histórico que xustifica a reforma eléctrica é que España está no prezo da electricidade en uso doméstico no terceiro lugar pola cola, e no de industria no oitavo lugar, ese é o prezo a que vendemos nós.

Nós dende o Partido Popular de Vigo entendemos e compartimos o obxectivo imprescindible de combater o déficit tarifario, é dicir, pagar o que debemos, pero debemos compatibilizalo coa viabilidade e estabilidade do sistema. Nós pretendemos tres obxectivos irrenunciáveis, o primeiro, electricidade máis barata para os usuarios, si iso é o que pretendemos, seguridade na subministración, un mix sostible dende o punto de vista medio ambiental, que quere dicir? Primar ás enerxías renovables que sexan eficientes, non pagar ás enerxías renovables senón buscar as que sexan

eficientes.

Apoiamos no punto dous da súa moción dado que o goberno da nación, como non podía ser doutra maneira, debe respectar os compromisos internacionais en materia de redución das emisións de gases invernadoiro, esperamos que por fin despois de seis anos cumpran o compromiso de implementar medidas de eficiencia e aforro enerxético e apoio ás renovables, a ver para que están usando a Axencia da Enerxía de Vigo, porque non o sabemos. Non obstante, non imos apoiar a súa moción dado que o Proxecto de Lei do Sector Eléctrico está en trámite parlamentario xa que se poden facer melloras e achegas.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular, tódalas políticas que fan dende Madrid, dende Pontevedra e de Santiago de Compostela son en contra dos cidadáns/as, son en contra das persoas cando vostede di que esta lei o único que fai é incidir de forma mínima no consumo e no pago dos fogares, vostede sabe que mente, porque o recibo de tódalas viguesas/es incrementouse na última factura en trinta euros, para vostedes será pouco pero para a maioría dos fogares é moito, xa sabemos que para os señores do Partido Popular é pouco o incremento do recibo da luz, do recibo do IBI e da súa subida, é pouco o incremento que nos propoñen na subida do canón da auga, é pouco o que nos propoñen na subida da lixo, pero eu e tódolos cidadáns cremos que non é pouco, que é moito, deixen de facer políticas para as empresas, para os poderosos e fagan políticas paga os cidadáns e para as persoas.

Cando vostede nos fala de déficit que nos quere dicir? Porque a historia do déficit enerxético é moi fácil de ver e de analizar, o maior incremento do déficit neste país prodúcese nos gobernos conservadores, no goberno do Sr. Aznar e o que é medible non é interpretable. Cando vostede di, ven coa argumentación que lle deu Génova, votándolle a culpa ao Sr. Zapatero e non escoitar o que me din estes señores, non se poñan nerviosos, é un argumento que non lles vale porque votarlle a culpa a herdanza ao que recibiron iso é para a xente que non ten nin ideas nin argumentos. Eu dicíalle que o Partido Socialista defende, e a nosa compañeira Sra. Silva defende nas Cortes Xerais en Madrid que se aposte pola eficiencia, polas enerxías renovables e polo I+D+I, non lles gusta pero é verdade, eses son os tres piares nos que se teñen que apoiar a reforma enerxética. Repítolle, apostar pola eficiencia, polas enerxías renovables e polo I+D+I, que vostedes o teñen completamente arruinado nestes momentos.

Cando vostedes nos falan de que a subida ás empresas foi mínima é que para vostedes é mínimo todo, subiulle pouco ás empresas, ás persoas. Nestes momentos o termo de potencia ás empresas subiulle o 116%, máis do dobre, eu creo que temos que facer unha lei baseada no consenso.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, claro que imos a aceptar a emenda que nos presentan, esta emenda xa foi proposta polo Alcalde de Vigo no ano 1997, cremos que o valor enerxético de Galicia hai que defendelo e respectalo.

A PRESIDENCIA: Si é certo, foi unha proposta que fixen eu e o Bloque Nacionalista Galego nos anos noventa no Parlamento de Galicia, por certo con pouco éxito.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta a seguinte emenda de adicción:

“Que se engada un cuarto punto ao acordo co seguinte texto:

4.- Instar ao Goberno do Estado a que Galiza, como territorio excedentario na produción de enerxía eléctrica sexa compensada, e que por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións da produción, debe ter un prezo propio”.

No transcurso do debate incorpórase ó Pleno o concelleiro Sr. Figueroa Vila.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda de adicción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

1. Instar ao Goberno da Nación a retirar o Proxecto de Lei do Sector Eléctrico actualmente en tramitación nas Cortes Xerais, así como á derogación das normas que ameazan con poñer fin ao desenvolvemento das enerxías renovables, e a poñer en marcha un proceso de participación e de diálogo o máis amplo posible, encamiñado a consensuar unha política enerxética para o país que traslade seguridade xurídica e estabilidade razoable nun sector estratéxico como é este.

2. Instar ao Goberno da Nación a respectar os compromisos internacionais adquiridos en materia de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, e a unha obrigada converxencia coa Estratexia Enerxética Europea en materia de aforro e eficiencia, así como do cumprimento de obxectivos en enerxías renovables.

3. O Concello comprométese á súa vez a implementar medidas de eficiencia e de aforro enerxético, e de apoio ás enerxías renovables, no ámbito das súas competencias. “

4. Instar ao Goberno do Estado a que Galiza, como territorio excedentario na produción de enerxía eléctrica sexa compensada, e que por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións da produción, debe ter un prezo propio”.

5.3(215).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DEIXAR SEN EFECTO O RECORTE ORZAMENTARIO QUE IMPIDE O DESPRAZAMENTO A PERSOAS DEPENDENTES CON DISCAPACIDADE OU DIFICULTADES DE MOBILIDADE. EXPTE. 788/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro de 2013, número 788/1101, a concelleira do grupo político Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia considera que as ganancias en saúde só poden lograrse dende un proxecto institucional único, flexible, participativo e coherente coas políticas e principios da sanidade pública.

E continúa: “Compartindo a importancia que para ás persoas con discapacidade reviste a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar ás súas propias decisións”

iMenuda declaración de intencións na web da Xunta! E é só iso, intencións porque a realidade lles desmente coas actuacións e accións con que nos sorprende cada día. A

última e insensible medida é a de desmantelar o servizo 065 de transporte para discapacitados para “racionalizar” a xestión.

A Consellería de Benestar encontra caro este transporte público que ata agora garantía os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, minusvalía ou con problemas de mobilidade. Isto é, que a Xunta deixará de subvencionar o traslado diario ou semanal dos dependentes aos centros asistenciais nos que reciben terapias de rehabilitación encamiñadas á súa inserción e manterá o servizo só para casos puntuais, como ir ao médico. Na práctica supoñerá, segundo denuncian xa varias asociacións, que os usuarios terán que renunciar aos seus tratamentos. O borrador de decreto cuxos detalles negocia a Consellería coas organizacións de afectados non só introduce o desmantelamento do servizo (o transporte adaptado deixa de ser regular e queda limitado a desprazamentos puntuais) senón que, coas condicións que marca, establece desigualdades económicas entre as propias organizacións de dependentes e favorece as máis fortes.

E nesta nova regulación á baixa pon un tope de subvención de 10 viaxes ao mes (ida e volta contan como dous) por usuario para utilizar o 065 neses únicos casos concretos aos que agora o regula. Coa intención de compensar este recorte, introduce unha nova medida que complica aínda máis a situación: o copagamento do servizo. As asociacións recibirán 9 euros por usuario do transporte e 8 deles achegaraos Benestar e o euro restante, o usuario.

A Consellería de Benestar continúa adiante para desmantelar o servizo, non obstante en decembro de 2012 recoñecía unha poboación con minusvalía de 224.127 persoas das que a metade tiñan menos de 65 anos.

O novo decreto supoñerá un novo machadazo para un gran número de usuarios e cidadáns.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

– Instamos á Xunta de Galicia a deixar sen efecto este recorte que impide o desprazamento a persoas dependentes, con discapacidade ou con dificultades de mobilidade. Non podemos tolerar que a Xunta de Galicia en aras da austeridade profundice a discriminación, desmantelando o servizo do 065 que obrigará a que moitos usuarios renuncien aos seus tratamentos.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Primeiro desexarse ao Sr. Beiro que se recupere pronto porque se estivera aquí, quizá me dará a razón á hora de presentar esta moción porque aí na súa estrutura non se moven, que ven a demostrar o interese e o afán que ten o Partido Popular por deseñar políticas que van en contra das persoas, e o pouco que cren nas políticas sociais por moito que falen, legislan totalmente en contra.

Acaba o meu compañeiro de falar dun imposto que ven a grabar ás familias, pois imaxínese o que pode grabar a unha persoa que necesita para respirar un aparato eléctrico, imaxínense, póñanse nesa situación.

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia na súa páxina web, que por certo modifíquena, porque esa viña da nosa etapa di que considera que as ganancias en saúde só poden lograrse dende un proxecto institucional único, flexible, participativo e coherente coas políticas e principios da Sanidade pública, e continua dicindo que comparte a importancia que para as persoas con discapacidade revista a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións. Miúda declaración de intencións, cando o que veñen de facer agora mesmo é desmantelar o servizo 065 de transporte para minusválidos, en aras de racionalizar a xestión, espero que non veña o Sr. Lamela a racionalizar nada.

A Consellería de Benestar atopa caro este transporte público que ata agora garantira os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, minusvalía ou problemas de mobilidade. A Xunta de Galicia deixará de subvencionar o traslado diario ou semanal dos dependentes aos centros asistenciais nos que reciben terapia de rehabilitación, encamiñadas a súa inserción e manterao o servizo só para casos puntuais como ir ao médico. Na práctica suporá, segundo denuncian xa varias asociacións, que os usuarios terán que renunciar aos seus tratamentos, o borrador do decreto cuxo detalles negocia a Consellería con algunhas organizacións de afectados, non só introduce o desmantelamento do servizo, senón que coas condicións que marca establece desigualdades económicas entres as propias organizacións de dependencia que favorece aos máis fortes.

A Consellería de Benestar continúa adiante para desmantelar o servizo, recoñecendo, a finais do 2012, que había unha poboación de 224.127 persoas das que a metade tiña menos de 65 anos. O novo decreto suporá un novo recorte para un gran número de usuarios e cidadáns que terán que deixar de acudir as súas terapias, porque lles van a considerar subvencións nada máis a aquelas grandes asociacións, pagaránlles por utilizar un servizo, pero considerarán que son dez viaxes co de ida e o de volta, ou sexa que serán cinco viaxes ao mes, cada usuarios terá que pagar como mínimo un euro, máis dous ou tres euros dos fármacos, dous ou os que teña que pagar polos tratamentos, porque tamén ten que pagar os tratamentos no hospital. Todo isto redunda en cada vez complicarlle máis a vida ás persoas con dificultades.

Non é a crise é a escusa que teñen vostedes para acabar coas políticas que axudan ás persoas, non retorza a cara Sra. Cendón porque é certo.

Por isto instamos á Xunta de Galicia a deixar sen efecto este recorte que impide o desprazamento ás persoas dependentes, con discapacidade ou con dificultades de mobilidade, non podemos tolerar que a Xunta de Galicia en aras da austeridade,

afonde a discriminación desmantelando o servizo do 065, que obrigará a que moitos usuarios renuncien aos seus tratamentos porque, como se lles ocorre racionalizar un servizo para unha persoa, que medio de comunicación vai utilizar para desprazarse a unha piscina por exemplo, na que se pode ao mellor desenvolver a súas capacidades dentro dese medio, chama a un taxi? Está adaptado o taxi? Como entra nese taxi?.

Por iso repítolle, deixen de poñer excusas e deixen de maltratar ás persoas, unha vez dixen aquí no Pleno, que lles fixeron os cidadáns ao Partido Popular? Que lles fixeron aos membros do Partido Popular para que lle recorten as liberdades, os dereitos que lle recortan a súa dignidade. Eu lembraba cando estaban falando de electricidade, que non condado de York en Inglaterra, hai moitos anos, pagábase pola luz e cobrábanlle impostos polas fiestras que tiñan, entón pecháronlle as fiestras.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por desgraza o que nos trae hoxe aquí, esta moción non é unha anécdota, por desgraza é un chanzo máis, un paso máis do que ben sendo unha constante, por desgraza, na política do Partido Popular, precisamente de recortar os dereitos das persoas que máis precisan, precisamente, valga a redundancia, que as administracións as atenda.

O servizo 065 de transporte para persoas con discapacidade, dependentes con discapacidade, parece que existiu sempre pero non existiu sempre, foi un servizo posto en marcha polo Bloque Nacionalista Galego no goberno Bipartito da Xunta de Galicia xunto co Partido Socialista, posto en marcha pola Consellería daquela de Benestar Social, e é bo lembrar brevemente en que consiste este servizo que se puxo en marcha no goberno bipartito da Xunta de Galicia, por parte do que era anteriormente o Conselleiro da Vicepresidencia don Anxo Quintana. Este servizo crease para facer fronte a unha tremenda inxustiza que existía en toda Galicia coas persoas que eran dependentes que son dependentes, e col algún tipo de discapacidade, a tremenda inxustiza de que unha persoa dependente e con discapacidade tiña sempre que depender de alguén se quería facer unha vida normal. Non so para recibir os tratamentos senón para facer calquera tipo de xestión, este servizo contemplaba que aquelas persoas con algún problema de discapacidade puidera, a través dun teléfono, facer o mesmo que calquera outro mortal fai cando temos unha urxencia e chamamos a unha ambulancia. Fíxense vostede que luxo é ese servizo, porque é o mesmo que facemos cada quen cando necesitamos que se atenda rapidamente a unha persoa e chamamos a un número que nós da dereito a que unha ambulancia nos veña a recoller ou asistir. Pois este servizo foi montado precisamente con esa mesma dirección, que unha persoa dependente, que moitas veces vive soa na casa, que non ten quen lle poda chegar simplemente a un ambulatorio, pois puidera facelo a través dun simple teléfono, ese era o servizo. Alguén pode cualificar este

servizo como un servizo de luxo? Alguén pode cualificar este servizo como un servizo non necesario para este tipo de persoas, alguén pode dicir agora que este é un servizo que hai que racionalizar? Alguén se lle ocorría dicir que á hora de chamar a unha ambulancia pensemos ben se temos que chamar ao veciño para ver se o veciño necesita tamén e entón nos ven a dous en vez de a un.

Iso é o que está facendo o Partido Popular con servizos como este, cando a Sra. Cendón que me imaxino que será quen defenda esta moción, falará de racionalización, de que así se fai un mellor servizo, non, o que se está facendo e que aquelas persoas que necesitan simplemente ir a recibir un tratamento non o podan facer, ou unha de dúas ou pagan ou se poñen de acordo, non sei porque vía pois por internet, ao mellor con trinta persoas que o necesiten entón algunha asociación vailles a levar nunha furgoneta a ese tratamento.

É algo increíble que en pleno século XXI, unha formación política que debería ter nas súas prioridades a atención ás persoas que máis o necesitan, fagan este tipo de políticas. Estas políticas, señores do Partido Popular, noutros tempos terían outro cualificativo que eu por respecto non os vou a pronunciar. Por iso o Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta moción.

SRA. CENDÓN ALONSO: Efectivamente o 065 é un servizo que se regula pola normativa do Goberno Bipartito que presidía o Sr. Touriño e que tiña as competencias de Benestar o Sr. Quintana. Este goberno tan bondadoso co social, regula neste decreto dous puntos moi importantes os que non mencionou o Sr. Domínguez, o primeiro: o copago dos usuarios, os usuarios pagarían entre un 4% e un 17% dependendo dos seus ingresos, unha persoa con 4.653 euros ao ano pagaría un 4% polo servizo, repito isto, 332 euros ao mes de ingresos supoñían pagar polo servizo de mobilidade un 4%. Sra. Abelairas o Goberno Popular no copago de medicamentos deixa gratuítos tódolos medicamentos para persoas con 332 euros ao mes.

O segundo punto que regula este decreto é que a prestación do servizo supeditase á dotación presupostaria, en tempos de crise podería quedar reducido, tempos como os que agora estamos padecendo. Ámbalas medidas rubricadas polo Bloque Nacionalista Galego, Sr. Domínguez, fulminaron a gratuidade do 065 para minusválidos e dependentes, afortunadamente nas eleccións pasou o Partido Popular a gobernar a Xunta de Galicia e non efectuou ningún copago, deixou este servizo gratuítu, e non só iso, e que o blindou orzamentariamente con trece millóns de euros.

Sen embargo, tanto usuarios como traballadores si que demandan disfuncións na prestación do servizo e por iso claro que hai que racionalizar Sr. Domínguez, porque a razón, e o fundamental é o obxectivo que eu teño na vida, utilizar a razón é o obxectivo do 065, quero que quede claro, vostede o explicou, pero é un servizo

puntual e isto é o que hai preservar. Entón Sra. Abelairas a única verdade que vostede manifestou aquí no seu manifesto, porque a verdade é que isto non é unha moción, é que a Consellería de Benestar está a negociar coas asociacións de afectados, cos xestores de centros e con tódolos usuarios a modificación deste servizo para que sexa racional e que chegue a máis dependentes.

Que cambios implicará o decreto que vostede non leu? As cousas que vostede deduce non aparecen na nosa web. O que regula este decreto é en primeiro lugar que o 065 se dedique aos transportes puntuais e que atenda a máis dependentes; en segundo lugar, establecer a gratuidade para tódolos usuarios e en terceiro lugar, garantir unha rede de transporte regular para tódolos centros de día de dependentes, é dicir, establececese dúas redes de transporte para persoas con mobilidade reducida, unha o transporte regular financiado pola Xunta de Galicia na súa integridade e un segundo transporte o 065, que vai a exercer o obxectivo para o que foi creado e totalmente gratuíto tamén. Isto é o que di a web, vostede quedouse no decreto do copago do bipartito, web do bipartito.

Nós imos un pouco máis alá, en lugar deste manifesto nós queremos facer unha moción positiva e brindámonos para iso, hai unha rede de mobilidade reducida, unha rede de transporte público que debería integrarse neste análise, por iso nós presentamos unha moción para que técnicos de transporte municipal e autonómico participen neste estudo e podan implementarse tódalas redes de mobilidade reducida para beneficio dos usuarios, para que todos teñan uns criterios claros de utilización, e a persoa que precise do 065 e as persoas que podan utilizar un transporte adaptado, que podan chegar a el, porque esta é a auténtica integración, que sexan persoas como nós e que teñan as mesmas oportunidades como nós, non con redes paralelas discriminatorias.

Sra. Abelairas o Sr. do Grupo Popular a que vostede aludiu, Sr. Pablo Beiro, está totalmente de acordo con esta modificación.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Primeiro dicirlle que non aceptamos a súa moción, porque unha xa está cansa das hipocrisías do Partido Popular, están vostedes legislando en contra das persoas, necesitan técnicos para que? Ou sexa que desmantelan vostedes un servizo, con que criterio? A quen lle preguntaron? Din que necesitan a incorporación de técnicos do transporte público, e logo como fan? Hai unha señora que sacaba unha nota de prensa é dicía que non se pode desprazar ao seu centro de recuperación que o ten a dez minutos andando para unha persoa que non ten ningunha minusvalía, e non pode ir, como vai ir un transporte adaptado para trasladala para alí? Non porque hai que racionalizar os servizos, non teñen corazón que é o máis grave de todo. Propoñen cuestións sen sentido, emendas sen sentido, de

verdade unha le isto, solicitar a Xunta de Galicia a incorporación de técnicos do transporte, unha tomadura de pelo.

Logo retiran o servizo do 065 sen ningún criterio, simplemente o do aforro, as reformas, os recortes que están facendo vostedes para axustarse a non sei que, responden única e exclusivamente a unha proposta ideolóxica, estórballes os diferentes e ese é o gran problema, aprovéitanse cando están no poder desas políticas pero despois estórballes, ese é o gran problema que ten o Partido Popular.

Unha persoa, un paralítico cerebral que precisa absolutamente de todas as axudas, que precisa o recoñecemento da súa dignidade, dicíao antes co recibo da luz, van a pagar máis, ese é o gran problema, recortan a Lei da Dependencia á persoa que está cuidando nin sequera vai ter dereito cando sexa dependente, quen cuida ao dependente? É a gran pregunta, vai ter que pagar a súa Seguridade Social se quere ter acceso a iso, todos os recortes van por aí. Di que non pagan, pero como que no están pagando? Pagando pola medicación, sóbenlles os impostos, a reforma do mercado laboral etc.

Agora si vou contar a anécdota, volven a Idade Media cando no condado de York en Inglaterra, pagaban pola luz que recibían polas fiestras, e os pobres que non podían pagar a luz tapiáronlles as fiestras. Póñanlle á política corazón, os cartos non teñen corazón, eu xa sei que vostedes non o teñen porque se o tivesen estaríanse rebelando contra as políticas que están deseñando os seus dirixentes, ás veces hai que ser contestatarios, demóstreño, digan non.

A PRESIDENCIA: Non se acepta a emenda e polo tanto votamos a moción.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, instando á Xunta de Galicia a deixar sen efecto o recorte

orxamentario que impide o desprazamento a persoas dependentes con discapacidade ou dificultades de mobilidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.

6.1(216).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DEMANDAR DO FROB QUE PARALICE A DECISIÓN DE VENDER NOVAGALICIA BANCO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 796/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro de 2013, número 796/1101, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“A importancia estratéxica para a Galiza da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poñer en dúbida ao se tratar dunha ferramenta fundamental para a subsistencia na Galiza do aforro dos galegos e das galegas, a fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país .

Esta permanencia está ameazada polo anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galiza mentres o goberno do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considerala unha entidade sistémica para España.

Mais para a Galiza, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos e galegas, constituír un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galiza.

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9.000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequena do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos, vilas ou cidades,

resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo.

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un enorme número de despedimentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

No caso de Vigo, as consecuencias da venda serían especialmente graves pola posíbel desaparición dos servizos centrais que se atopan na cidade, o cal suporía a perda de entre 600 e 700 postos de traballo. A confirmación por parte do FROB de que non vai garantir as condicións laborais nin os postos de traballo debe colocarnos nun escenario pesimista fronte á reestruturación das oficinas e dos servizos do banco.

Por outra banda, na nosa cidade segue habendo un gran número de persoas afectadas pola estafa das participacións preferentes e subordinadas que aínda non obtiveron unha resposta ás súas demandas e que se atoparán nunha situación de maior indefensión aínda unha vez materializada a venda do banco. As consecuencias sociais esténdense tamén a absoluta inexistencia dun plan a curto, medio e longo prazo para garantir o funcionamento da Fundación Novacaixagalicia que, sen financiamento garantido de ningún tipo supón a perda para a nosa cidade da súa obra social e unha incógnita preocupante sobre o futuro do seu patrimonio, moi relevante en Vigo, entre o que se atopa a colección artística pero tamén centros educativos, sociais e culturais senlleiros da cidade.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.

2. Demandar do Congreso dos Deputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara ao futuro e con capacidade de decisión propia.

3. Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.

4. Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.

5. Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións preferentes das extintas caixas de Aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros.”

DEBATE.-A PRESIDENCIA: Sometémola a debate e votaremos despois a urxencia como solemos facer habitualmente, parécelles ben aos grupos? Ben, procedemos ao debate.

SRA. VELOSO RÍOS: Nos decidimos presentar dende o Bloque Nacionalista Galego esta moción, como moción urxente para este Pleno, debido ás noticias que apareceron a semana pasada sobre a decisión do FROP de adiantar e acelerar o proceso de poxa para a venda de Novagaliciabanco. Despois de varios meses acelerouse todo este proceso e xa se anunciou que a primeira data para a apertura das ofertas sería o 13 de decembro, por iso non quixemos deixar esta moción para presentar como moción ordinaria no Pleno do mes que ven, porque desgrazadamente é probable que para finais do mes de decembro xa non contemos con ningún banco, con ningunha caixa despois do proceso de privatización das caixas que levaron adiante dende o goberno do Estado tanto o Partido Socialista como o Partido Popular no noso país, o cal evidentemente é unha cuestión que nos preocupa enormemente. Para nós ten unha importancia estratéxica para Galicia que Novagaliciabanco permaneza no noso país, pero ademais para nós é especialmente importante que permaneza como un banco galego independente porque é evidente que non se pode poñer en dúbida que se trata dunha ferramenta fundamental para a subsistencia en Galicia do aforro dos galegos/as. Un aforro que ademais ten que ser destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país.

No noso país, vimos como as distintas caixas que se crearon e medraron cos aforros dos galegos/as, cos aforros dos traballadores/as como foi Caixa Vigo, Caixa Pontevedra, Caixa Ourense, que logo se fusionaron e que despois entraron nun proceso que tiña como único obxectivo por parte do Goberno do Estado a privatización das caixas, esas entidades financeiras despois no momento de crise económica xa non fornecían do crédito necesario para as familias e para as empresas do país, e ademais foron rescatadas con cartos públicos, é dicir, volveron rexurdir gracias aos cartos de todos/as. Logo de todo este proceso, de que todos os galegos/as e os vigueses/as pagásemos dúas veces polas entidades financeiras, neste momento de crise perdemos unha ferramenta importante para saír da crise económica e ademais a cambio de nada. Isto é simplemente vender, pode ser que ao capital estranxeiro, o que custou cartos públicos dos traballadores/as ter a día de hoxe.

Ademais na cidade de Vigo isto pode ter consecuencias especialmente importantes, especialmente graves en canto á perda de postos de traballo, queremos lembrar que logo do proceso de fusión o peche dos servizos centrais en Vigo, ademais da reestruturación pola duplicidade de oficinas e suporía entre 600 e 700 postos de

traballo perdidos na nosa cidade. Ademais o FROP xa confirmou que non vai garantir as condicións laborais nin os postos de traballo, polo tanto vémonos na obriga de colocarnos nun escenario especialmente pesimista fronte á reestruturación das oficinas e dos servizos do banco.

Por outra banda segue habendo moitas persoas afectadas pola estafa das preferentes e das subordinadas que aínda non atoparon solución, e logo da venda deste banco a súa situación de indefensión vai ser aínda maior. Na nosa cidade tamén estamos moi preocupados pola situación da Fundación Novacaixagalicia, que ten como xa sabemos, porque diso tense falado tamén nos últimos días, unha colección pictórica moi importante que está en risco de que tamén a perdamos os cidadáns/as de Vigo por falta de financiamento da Fundación Novacaixagalicia, pero ademais unha serie de bens inmobiliarios, un patrimonio que ten un valor moi importante para a nosa cidade dende o punto de vista cultural, histórico, arquitectónico, etc.

Por iso nós pedimos que instemos dende este Concello á Xunta de Galicia a demandar do FROP que paralice a decisión de vender Novagaliciabanco. Ademais iniciar a reforma legais necesarias para manter o banco como unha entidade independente cara o futuro e con capacidade de decisión propia, e defender a permanencia de Novagaliciabanco como entidade financeira galega independente.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Esta moción, señores do Bloque Nacionalista Galego, chega un pouco tarde, despois de que esta fusión política destruíra 4.500 postos de traballo directos e moitos máis indirectos, máis da metade dos traballadores/as do cadro de persoal, vennos a confirmar que a fusión non foi boa, Vigo saíu á rúa encabezada polo seu Alcalde, con unha pancarta que dicía “non a fusión das caixas galegas”, onde estabades daquela defendendo aos traballadores/as desta caixa de Vigo?.

Non á fusión da caixas galegas porque había unha caixa, Caixa Galicia que estaba moi mal, francamente mal e a fusión con outra que podía seguir funcionando, Caixanova soa nun proxecto co Alcalde definira non así. O Partido Popular, o Sr. Feijóo, non soportaba a idea de que Caixanova seguira soa e Caixa Galicia fora intervida e dedicouse a dicir que unha caixa pequena como a que tiñamos en Vigo non aguantaría os invites da crise económica e que desaparecería igual co resto das caixas destes tamaño en España. Pero o Sr. Feijóo equivocábase ou mentía, que nos ten bastante acostumados as viguesas/es a mentir e sempre mentindo en detrimento da cidade de Vigo.

Hoxe, 25 de novembro do ano 2013, catro anos despois desta fatal decisión seguen soas, actuando ceibes entre outras A Caixa, Unicaja, La Kucha, Caixa Ontinyent en Valencia, Caixa Pollença nas Illas Baleares, etc. caixas aínda máis pequenas que a que

tiñamos con sede na cidade de Vigo, por que dixeron que “si” a esa fusión? Iso terán que explicárnolo porque no argumento que nos deron ata agora non nolo dixeron.

Polo que o obxectivo final dunha fusión debe ser sempre o aumento do valor das entidades fusionadas para ter máis capacidade para competir fronte a outros, se non aumenta carece de sentido calquera fusión, para que serviu esta fusión? Esta fusión non serviu para nada positivo. Os que apoiaron a fusión apoiaron tamén máis cousas, apoiaron que o deporte da Cultura de Galicia de Vigo perderan o seu apoio, o seu gran mecenas, que os preferentistas non recuperaran o 100% dos seus aforros, porque son aforradores señores do Partido Popular e non son inversores. Que se perderan máis de 10.000 empregos directos e indirectos, isto supón o 33% dos parados da cidade de Vigo, un de cada tres parados de Vigo estaría a traballando se non houbera esta fusión. Que o tecido produtivo industrial da cidade se quedara sen un instrumento inversor, todos lembramos nos anos 80 cando a crise dos armadores que foi resolta pola apoio decidido e solidario da nosa caixa, que as familias se quedaran sen a seu financiamento e os seus aforros non podan ser destinados a apoiar o noso territorio.

Señores do Partido Popular, son vostedes uns piratas políticos, porque roubáronnos unha caixa de aforros nosa, que se fixo co esforzo e cos aforros dos vigueses/as, eu lembrarei sempre cando con cinco anos a miña nai levoume a caixa de aforros de Vigo a abrir esta libreta, que dicía na súa parte de atrás “obras sociais, a caixa de aforros municipal de Vigo fai unha rigorosa xestión financeira na administración e nos capitais que ten baixo a súa custodia, obtendo uns beneficios cuxo destino é a creación e sostemento do seu gran cadro de obras benéficas, sociais, asistenciais e culturais, culminando así a grata tarefa de devolver de forma acrecentada á comunidade todo o que a comunidade lle deu: un auditorio, axuda ao deporte, axudas a entidades benéficas, axuda á investigación científicas, becas para estudos, bibliotecas públicas, cines, clubs de xubilados, Colexio Fogar de formación profesional para máis de 450 persoas, colonias infantís gratuítas, concursos de arte infantil, concursos diversos, escola de secretariado, grupo escolar gratuíto, garderías infantís, pensión para anciáns, premios polo estímulo ao aforro, premios ao nacemento e ao matrimonio, residencia de estudantes, sala de exposicións, vivendas social, etc.”. Vostedes cargáronse todo isto.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Vostede piden, señores do Bloque Nacionalista Galego, piden na súa moción que lle digamos á Xunta de Galicia que faga o que sexa para que Novagaliciabanco non se venda, porque é unha entidade financeira sistémica para Galicia e que por iso non pode desaparecer, se non entendín mal é o que piden na súa moción, ou sexa que Novagalicia non se venda. Pois isto é sorprendente porque levan máis dun ano dicindo que xa desapareceu a entidade financeira que había en Galicia e

por iso chámamos a atención que agora pidan que non desapareza o que levan dicindo máis dun ano, que xa desapareceu, pero non nos estraña demasiado.

Cando o Sr. Zapatero e o Sr. Fernández Ordóñez o presidente do Banco de España, decidiron por decreto que había que cargarse ás caixas e que había que transformalas en bancos, o Sr. Zapatero do Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular estivemos de acordo Sra. Veloso, estivemos de acordo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular en defender unha entidade financeira para Galicia, niso estivemos de acordo. O Partido Socialista e o Banco de España que tamén era o Partido Socialista querían que Caixa Galicia se fora con Bankia e Caixanova se fose con Liberbank, seríamos unha porcentaxe minúscula de Liberbank.

Sabe o que me ven agora a cabeza? Pois o que di agora o Sr. Solves no seu libro, que di que xa lle avisou ao Sr. Zapatero da que nos viña enriba, pero que o Sr. Zapatero non lle fixo caso, venme á cabeza aquel debate entre o Sr. Pizarro e o Sr. Solves no que dicía o Sr. Solves que non había crise, iso é o que me ven á cabeza, e iso que di o Sr. Rubalcaba, o seu líder, que España non se merece un goberno que lle minta, pois está claro que o Goberno do Partido Socialista nos mentiu descaradamente dicindo que non había crise.

Sabe por que se chegou á situación que estamos agora? Pois por culpa dos erros na xestión nas caixas dos erros tamén na supervisión das caixas porque había unha responsabilidade cando vostede gobernaron a Xunta de Galicia entre 2005 e 2009, que foi cando se produciu o maior risco inmobiliario de Caixanova e Caixa Galicia, cando empezaron a investir desesperadamente fora de Galicia e a abrir oficinas fora de Galicia. O risco inmobiliario pasou de 3.500 millóns de euros no ano 2005 a 17.500 millóns no ano 2009.

Por iso agora é obrigatorio e necesario normalizar a situación de Novagalicia Banco e estabilizar o seu accionariado. Novagalicia Banco é agora mesmo unha entidade financeira participada polo FROP e polo fondo de garantía de depósitos, e hai unha folla de ruta que di que hai que poñer a venda o banco antes do 1 de agosto de 2015. O Bloque Nacionalista Galego di que se paraliza a venda, pero si se paraliza a venda habería que devolver os fondos a Europa e quedaríanse sen garantía os depósitos das familias e das empresas. Cal é a proposta do Bloque Nacionalista Galego? Non a coñecemos, cal é proposta do Partido Socialista? Hoxe parece que o Sr. Blanco di no xornal vendela cando antes e ademais a un banco español.

Para o Partido Popular o que é importante é que se queden os servizos centrais en Galicia esa é a nosa preferencia, a máxima prioridade para Galicia é contar cunha entidade financeira estable eficiente e vinculada a Galicia, que da crédito aos galegos e que axude ao equilibrio orzamentario da obra social, que hai que lembrarllas que ten un remanente de oitenta millóns de euros, e menos mal que non lles fixeron caso os

afectados polas “preferentes” nin ao Bloque Nacionalista Galego nin ao Partido Socialista, porque senón case os máis de 50.000 afectados que xa cobraron o 100% non houbesen cobrado, menos mal que non lle fixeron caso.

SRA. VELOSO RÍOS: Como antes non puideron ler tódolos acordos que recolleamos nesta moción vounos ler agora.

Un, demandar do FROP que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galicia.

Dous, demandar do Congreso dos Deputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén, as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados como o caso de Novagalicia Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.

Tres, oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galicia.

Catro, defendela permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente estudando a alternativa da súa transformación nun banco público galego. Aquí está a alternativa do Bloque Nacionalista Galego.

Cinco, instar a Xunta de Galicia a exercelas potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións “preferentes” das distintas Caixas de Aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros.

Esta é a alternativa do Bloque Nacionalista Galego e por que seguimos facendo esta proposta e insistimos? Porque é mentira que o Bloque Nacionalista Galego apoiase a fusión, quen votou a favor da fusión non foi o Bloque Nacionalista Galego, este votou en contra foi a única forza política, o Partido Socialista si votou a favor a través dos seus representantes nas Asembleas das Caixas, é máis o día seguinte de que se asinase a fusión das caixas, o Sr. Abel Caballero compareceu perante os medios de comunicación co Sr. Gayoso, dicindo literalmente que esta era unha fusión cun futuro francamente brillante na que Vigo impuxera as súas condicións e que era a fusión que esta cidade necesitaba, iso está recollido nas hemerotecas e esas foron as palabras literais do Sr. Abel Caballero, por certo cando se manifestaban nesta cidade en contra da fusión o seu partido que logo, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados tomou as decisións que tomou e votou o que votou estaba ridiculizando esa manifestación. Aquí cada forza política ten que asumir as súas responsabilidades e dende logo non é o Bloque Nacionalista Galego que ten a responsabilidade da fusión das Caixas, porque o Bloque Nacionalista Galego votou en contra desa fusión e iso ten que quedar ben claro. Tamén é mentira que haxa que devolver os cartos e ademais cando

estamos dicindo como acaba de dicir o propio Sr. Fidalgo que o prazo remata en 2015, a que tanta presa para vendelo agora que sae máis barata? A quen beneficia? Está beneficiando á cidadanía galega vender máis barata do que se podería vender unha entidade financeira? De tódolos xeitos nós insistimos, nós pedimos a paralización da venda de Novagalicia Banco, porque este país necesita un banco público galego independente que nos axude ás familias e as empresas a saír desta crise.

A PRESIDENCIA: En todo caso nesta cidade houbo unha grande manifestación en contra da fusión e eu non a mirei alí, vostede alí non estaba, pero neste Pleno houbo un debate e unha votación e vostedes votaron a favor da fusión, nós en contra, cada pau que aguante a súa vela, vostedes a favor en nós en contra.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase incluír a moción na orde do día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando á Xunta de Galicia que demande do FROB a paralización da venda de Novagalicia Banco, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(217).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de outubro e 21 de novembro de 2013.

1.2(218).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de outubro e 21 de novembro de 2013.

1.3(219).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á DELEGACIÓN DAS ATRIBUCIÓNS NO CONCELLEIRO DE FOMENTO PARA A TRAMITACIÓN E EXECUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 778/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de novembro de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 13.06.2011 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada a área de Fomento, atribuíndose ao seu titular a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de

acadar os obxectivos previstos.

Na actualidade estase desenvolvendo o procedemento de adxudicación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novο centro deportivo municipal de Navia. A continuidade deste expediente, levará implícito todos os procesos vinculados coa execución das obras do citado centro deportivo por parte de concesionario, o cal requirirá unha serie de necesidades técnicas de supervisión e seguimento, das que non se dispoñen directamente na Concellería de Deportes, actual unidade xestora do proxecto. Tendo en conta a natureza de dito expediente, así como o seu carácter transversal de diversas áreas desta administración, orienta a necesidade dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVE

Primeiro.- Delegar na Concellería da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do seguinte asunto:

- a) Expte.12242/333. PROCEDEMENTO ABERTO PARA O CONTRATO XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA.

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo das modificacións sobre o desenvolvemento do expediente que foran necesarias as inicialmente previstas ou outras cuestións sobre o desenvolvemento do mesmo que puideran efectuarse para garantir a correcta execución do proxecto.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO

REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN (ART. 81 R.O.P).

3.1(220).- COMPARENCIA, A INICIATIVA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO, D. SANTOS HECTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, AO OBXECTO DE INFORMAR DA TRAMITACIÓN E DOS PRAZOS PARA RESOLVER OS EXPEDIENTES RELATIVOS AO PLAN SOCIAL CONTRA A CRISE. EXPTE. 777/1101.

A PRESIDENCIA: Aos efectos de clarificar o procedemento segundo o Regulamento terá a palabra o Sr. Concelleiro durante un prazo de 10 minutos, o Grupo propoñente, o Bloque Nacionalista Galego, durante un prazo de 5 minutos, o resto dos Grupos se o solicitan terán 5 minutos e rematará o concelleiro don Santos Héctor Rodríguez Díaz.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O meu desexo de que o compañeiro don Pablo Beiro se restableza canto antes.

Hoxe esta comparencia é para tratar da tramitación e do estado desa tramitación, das axudas que este Concello fai para atender ás familias da nosa cidade, axudas para que estas familias poidan combater a crise.

En primeiro lugar quero dicir que é o único Concello de España e posiblemente de Europa que teña unha medida deste calado, dun importe de tres millóns de euros para atender a familias que máis o necesitan e que están empadroadas na nosa cidade.

A ninguén se lle escapa que este trámite é un trámite novidoso e é un trámite que se fai por primeira vez, quérolles dicir a tódolos os cidadán e a toda a Corporación que as bases foron consensuadas co Bloque Nacionalista Galego e foron consensuadas tamén con Fiscalización para que todo o trámite ao longo da tramitación non houbera ningún problema á hora de outorgar, nin á hora de pagar esas axudas. Unhas bases fundamentalmente que piden un ano de empadroamento, un ano de estadía nas listas do desemprego, que a renda da unidade de convivencia destas familias non supere o salario mínimo interprofesional, é dicir 645,30 euros, e que a renda percápita dos seus membros non supere os 150 euros, ademais de ser maior de 18 anos.

Pois ben, con todos estes elementos, estas bases tamén fixaban que esta dotación económica para as familias tiña que ir dirixida fundamentalmente á adquisición de alimentos, vivenda, roupa, medicamentos e tamén para que prioritariamente eses gastos se fixeran nos establecementos da nosa cidade.

O inicio da tramitación do expediente faise o 20 de maio de 2013, o 14 de xuño dese

mesmo ano apróbanse pola Xunta de Goberno Local as bases que van rexer esta convocatoria, como dixeran antes acordadas con fiscalización e co Bloque Nacionalista Galego. O prazo de remate de solicitudes foi o 20 de xullo de 2013, e a publicación no Boletín Oficial da Provincia foi anterior, foi o 5 de xullo de 2013 e entre este prazo do 20 de xullo e o 9 de outubro, que é cando se xunta por primeira vez a Comisión de Valoración e o prazo quizais máis longo que son case dous meses, en tanto en canto se lle require a cada unha das 3.031 solicitudes, déanse conta do volume de solicitudes, e a moitas delas pídeselle documentación complementaria, moitas delas que estaban mal cubertas, entre iso e chequear unha por unha cada solicitude chégase a esa primeira xuntanza que é o 9 de outubro de 2013 onde das 3.031 solicitudes presentadas rexéitanse 1.338, e apróbanse 1.693. A partir de aí ata a data deste venres pasado onde se aproban, en Xunta de Goberno Local, xa as dotacións económicas que é para un total de 1.575 solicitudes e onde van cobrar en torno a 1.500 euros cada unha destas 1.500 familias.

Pódolle dicir algunhas das cuestións que ao mellor supuxeron máis tempo, incluso houbo solicitudes que se presentaron por triplicado en distintas datas do período que estaba aberto para presentar as solicitudes, ou que máis do 80% das solicitudes estaban mal cubertas, que saiban os cidadáns que se lle axudou a cada unha destas familias a cubrir a documentación e axudarlle a buscar a documentación.

Tamén a propia situación das unidades de convivencia en vivendas de aluguer, cambio de domicilio, cambio de teléfono, teléfonos erróneos, é dicir, que houbo certas dificultades, estamos falando de persoas, de 3.031 solicitudes de familias.

A par que se facía este trámite fíxose a tramitación das axudas para atender as necesidades básicas de alimentos e servizos do Comedor Social para o 2013, é dicir, 200.000 euros para os comedores sociais, e estes comedores que foron 12 solicitudes, rexeitouse unha e aceptáronse once, están xa a cobrar, están presentando a documentación e as que xa o presentaron xa cobraron e outras están en trámite de cobro. Os prazos foron moi similares no inicio, é dicir, bases, publicación no Boletín Oficial da Provincia, Xunta de Goberno Local, admisión de solicitudes, resolución de solicitudes, pero a resolución e o prazo onde é moito máis curto porque estamos falando de doce entidades que presentaron solicitudes e once que foron aprobadas

Polo tanto, que os cidadán saiban que isto levou un pouco máis de tempo porque vai axustado á legalidade. Os socialistas preferimos utilizar un prazo máis amplo porque consideramos que sería inxusto que porque un papel estivera mal cuberto unha soa persoa que o precisara deixara de percibir estas axudas que soamente o fai o noso Concello de Vigo, único en España e único en Europa, tiñan que señores do Partido Popular tomar un pouco de nota na Xunta de Galicia e no Goberno do Estado para facer algo similar.

Vimos facendo política coas persoas, para as persoas e coas persoas, e polo tanto, non se pode comparar unha tramitación para persoas que fan solicitudes, que non están acostumadas aos trámites administrativos, non se pode comparar con empresas que licitan obras neste Concello que están acostumadas a facer estes trámites de contratación pública, é moi distinto.

Eu quero rematar agradecendo aos traballadores do Concello polo seu traballo, moi por enriba do que estiveron obrigados neste trámite administrativo, xornadas de ata quince horas, traballadoras/es deste Concello que fixeron o imposible para poder ter isto canto antes a disposición de tódolos traballadores, e dende logo, dicir que os Socialistas, don Abel Caballero, este Goberno seguirá atendendo aos homes e mulleres que o precisen desta cidade con políticas sociais, de comedores, de libros, de creación de emprego, en definitiva que fagan posible que nesta situación de crise e nesta situación de abandono do Partido Popular, as persoas poidan ter polo menos un sitio onde acollerse.

SRA. VELOSO RÍOS: Imos facer un pouco de memoria sobre esta convocatoria do Plan Social contra a crise. Nós a mediados de decembro anunciabamos as emendas que propoñía o Bloque Nacionalista Galego aos Orzamentos deste Concello para o ano 2013 e propoñíamos unha emenda que consistía en engadir unha partida de 3.200.000 euros para darlles 200euros ao mes a redor de 2.000 familias durante oito meses. Partindo da base de que por moi rápido que se aprobasen os Orzamentos, a tramitación dunhas axudas como estas requiría o seu tempo, e xa contabamos con que os catro primeiros meses do ano serían para tramitar estas axudas, pero que se poderían empezar a cobrar a partires do quinto mes. Eramos realmente optimistas, hai que recoñecelo, visto a súa nula capacidade de xestión, polo menos para o que non lles interesa especialmente, para o que non consideran prioritario, eramos realmente optimistas.

Así foi que chegamos a finais de Abril e non se sabía nada do Plan Social contra a crise, preguntamos neste Pleno e a única resposta foi basicamente o mesmo que hoxe, que era moi complicado, eran unhas axudas moi complicadas.

A mediados de maio volvíamos preguntar publicamente polo Plan Social contra a crise porque vostedes seguían sen convocalas as axudas, sen quitar as bases sequera, mentres iso si xa propoñían unha amortización da débeda para darlles liquidez aos bancos e coa xustificación de repercutir os aforros nos xuros en servizos sociais. Pero o certo é que ata o de agora os cartos so foron para os bancos e para as aeroliñas, de momento as persoas seguen sen cobrar aínda nin sequera eses 3.200.000 euros que levan nos Orzamentos dende o mes de xaneiro, por fin en xullo convocan as axudas por só 2.650.000 euros a preguntas do Bloque Nacionalista Galego neste Pleno fan

vostedes unha modificación das axudas en Xunta de Goberno Local e engaden 200.000 euros máis. Pero aínda así vostedes non dedicaron os 3.200.000 íntegros senón que 250.000 euros os dedicaron a publicidade que nós entendemos que era absolutamente innecesaria porque as persoas usuarias, demandantes dun servizo como este, non compran o xornal os domingos e non precisan un encarte en tódolos xornais o domingo, non é necesario, estas persoas son en xeral, a maioría, usuarias dos servizos sociais deste Concello. Neste punto nós preguntámonos por que vostedes non fixeron uso dos servizos sociais deste Concello, nos tamén apreciamos o traballo dos funcionarios/as que dedicaron moitas horas a xestionar estas axudas, aos que parece que vostedes desprezan a parte do funcionariado deste Concello son vostedes porque non tiveron en conta ás traballadoras sociais, que coñecen á maioría das persoas que solicitaron estas axudas. Por certo vostedes din que non están afeitos a solicitar axudas pero son persoas que están afeitas a ir ás traballadoras sociais a solicitar unha RISGA, ou unha axuda de emerxencia ou que pensan que esta xente está desaparecida, moitas delas están pedindo axuda dende hai tempo nas distintas administracións.

Vostedes quitaron unha bases restritivas, que non tiveron en conta ningún tipo de baremo, que non tiveron en conta situación que fan especialmente difícil as circunstancias das persoas, familias monoparentais con discapacidades, que non están cobrando a dependencia, que non a teñen recoñecida etc. esas son cuestións que si estaban faladas e propostas por parte do Bloque Nacionalista Galego que vostedes non tiveron en conta en absoluto, chegamos a 30 de outubro, non está pagado o Plan Social contra a crise, nin sequera está executada completamente a partida non están concedidas tódalas as bolsas de comedor, tampouco é que as bolsas de comedor sexa algo complicado, é unha cuestión de vontade política e por que é unha cuestión ideolóxica, vostedes están dicindo “é o único concello que ten unha medida deste calado” porque a propuxo o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes din que estas son axudas que van dirixidas a quen van dirixidas, claro pobres ignorantes, por iso son pobres, ou que esta xente como dixo o Sr. Alcalde nun medio de comunicación é difícil de localizar porque cando chega unha orde de desafuzamento por non pagar o aluguer á semana seguinte tes que deixar o piso onde estás vivindo e tes que buscar unha casa para ti e para os teus fillos.

Realmente poderían ter feito moito máis, cando se convocaron as axudas ao pequeno e mediano comercio 2.600 solicitudes resolvéronse en dous meses, esa é a diferenza, a vostedes non lles interesa e máis, non quixeron darnos a información no Pleno do mes pasado que presentamos unha pregunta e por iso hoxe tivemos que pedir a súa comparecencia, debería darlles vergoña estar a 25 de novembro dando esta información.

SRA. CENDÓN ALONSO: Quero comezar a miña intervención dado que nesta cidade temos moi poucas noticias positiva e moitas negativas. A semana pasada alegrámonos do lanzamento do satélite Humsat-D por parte da Universidade de Vigo, un sopro de aire fresco, quero aproveitar a miña intervención para trasladar o recoñecemento do Grupo Popular ao equipo que fai posibles estes milagres, gracias a todos eles e especialmente a Fernando Aguado o seu coordinador. Porque mentres a Universidade de Vigo pon un satélite no espazo, este Goberno Municipal está perdido no espazo. O Plan de Axuda contra a crise é un exemplo claro deste dinamismo e desta xestión do Goberno, a Sra. Veloso explicouno moi claramente e non vou a redundar moito nos puntos que ela tratou, tratounos esplendidamente Sra. Veloso, felicítoa.

Eu estou de acordo con vostede, ao mellor este Plan debería ser xestionado pola Concellería de Benestar máis afeita a este tipo de trámites, cun soporte que podería darlle axilidade, pero despois de oír á Sra. Abelairas co 065 penso que estaba errada porque a Sra. Abelairas quedouse na web do bipartido cos copagos dese goberno, os copagos que ese goberno pretendía implantar. Gustaríame que a Sra. Abelairas intervira e que me explicara en que punto leu iso dos dez viaxes, porque dende logo no web actual non aparece iso e aparece a gratuidade en todo momento.

Non compartimos tampouco a aplicación lineal destas subvencións porque todos sabemos que non é o mesmo unha familia con catro membros que unha familia monoparental e dende logo, non debería percibir a mesma axuda.

Sr. Rodríguez Díaz dende logo a Xunta de Galicia non vai tomar exemplo desta "chapuza", de ningunha das maneiras vai tomar exemplo. Nós facémolo non de maneira puntual senón día a día porque a nosa política son as persoas, a única diferenza é que non facemos a publicidade que vostedes fan, como ven dicía a Sra. Veloso, insisto, a publicidade foi moi áxil, porque míster 15% aproveitou este Plan destinado ás persoas máis pobres da cidade para loa do amado líder.

A min o que me preocupa e o que quero que me explique no seu tempo de réplica é que nas propias bases establécese un prazo moi claro de tres meses, como ese prazo está máis que superado quero saber que o que vai pasar porque leo no artigo "o vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados servirá para entender desestimado por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención", entón isto é o que quero que me clarexe, como se vai resolver e que van facer se alguén impugna esta convocatoria que se da por finalizada sen resolución o 31 de outubro, isto é o que me gustaría que vostede explicara no seu tempo de réplica.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Vou empezar pola intervención do Partido Popular, está resolto o expediente polo tanto non hai ningún problema de reclamación e esta semana están cobrando as persoas. A diferenza entre vostedes e o Partido Socialista son moitas, pero unha fundamental que vostedes entenden que hai que axudar ás persoas ca calidade e o Partido Socialista entendemos que son dereitos das persoas, por iso as convocatorias son abertas, concurrentes onde poden solicitar todos e cunhas bases claras.

Vostedes non estarán de acordo con estas axudas porque xa o vemos nos seus orzamentos que están facendo tanto na Xunta de Galicia como no Goberno do Estado, desmontando o Estado Social, recortes na Sanidade, Educación, na Lei de Dependencia e agora tamén o que vostedes se están a cargar é o Estado de Derecho con esa mal chamada Lei de Seguridade Cidadá que é de inseguridade cidadá para que xa non poidamos nin protestar os cidadáns.

Polo tanto, vostedes recortan dereitos e liberdades, como van estar de acordo con estas axudas que fai o noso Alcalde Abel Caballero, que fai este Concello e que facemos os socialistas en colaboración co Bloque Nacionalista Galego.

O satélite da Universidade de Vigo está sendo un éxito, son dous, haberá un terceiro a pesares dos recortes da Xunta de Galicia en ensino na Universidade e en investigación, desenvolvemento e innovación, a pesares do Partido Popular son capaces de facer todo isto.

Sra. Veloso, vostede viña co discurso a piñón fixo, non escoita, ao mellor é un problema, vai ter que resolver ese problema de non escoitar, trae o seu discurso e non escoitou a miña intervención. Parece que lle da igual todo o que poida dicir, vostede viña a dicir todo o que tiña que dicir e acabouse. As bases foron pactada co Bloque Nacionalista Galego e leváronse tal e como se pactaron co Bloque Nacionalista Galego e con fiscalización. Exemplo de xestión é a súa coas axudas ao comercio, pregunten o "carajal" que teñen montado, dende logo estas axudas non se parecen en nada e iso, non veñamos aquí a facer demagogia, pregunten tódalas veces que queiran preguntar como están estas axudas, aquí está con transparencia, axustadas á legalidade en tempo e en prazo para poder atender cada unha delas.

A amortización de débeda, por suposto, un millón de euros que nos aforramos este Concello ao ano e que non lle pagamos aos bancos de intereses, por suposto ao mellor vostedes, Bloque Nacionalista Galego, quere que llo paguemos aos bancos e non o adiquemos ás familias, ao mellor é iso o que vostedes queren, polo tanto, demagogia a "xustiña".

As bolsas de comedor, as becas de libros están executadas todas e o explicaron xa as miñas compañeiras, todas están executadas, polo tanto no veñan aquí a facer demagogia porque non é así, e nós dende o Partido Socialista estamos moi satisfeitos

de haber acordado con vostedes esa Modificación de Crédito ao que facía referencia para poder atender ás familias, estamos moi satisfeitos e ademais estamos de acordo que é a política que os socialistas vimos a defender e ademais estamos moi de acordo de podelo facer con vostedes.

Remato dicindo que señores do Partido Popular, vostedes serán, son e están sendo incapaces de atender ás persoas, dánlle igual as persoas, estábannos enganando dicindo de que as cousas ían ben e agora a Unión Europea dilles que hai que recortar 30.000 millóns de euros máis, e o primeiro que van facer é unha nova reforma laboral para poñer a máis persoas en situación de indixencia como as que imos ter e que estamos a atender con esta axuda contra a crise.

Vostedes van botar ao desemprego a milleiros de homes e de mulleres deste país nesta nova atacada e vai ser difícil poder atendelos a todos, pero o Partido Socialista, este Goberno, Abel Caballero van estar dispostos e van estar atentos a cubrir todo iso que vostedes deixan de cubrir como a Teleasistencia, que lles da igual os nosos maiores e o temos que pagar dende aquí.

4.- MOCIÓNS.

4.1(221).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A NON DESENVOLVER NINGUNHA GRAN SUPERFICIE COMERCIAL NO SECTOR DE LIÑEIRIÑOS DADA A EXCESIVA OFERTA, E A DESENVOLVER PROGRAMAS DE ESTÍMULO AO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO. EXPTE. 776/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de novembro de 2013, número 776/1101, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“Nos últimos meses un grupo de investimento estranxeiro, Eurofund Investments, amosou o seu interese en construír un gran centro comercial na parroquia de Cabral, Porto Cabral. O sector onde se situaría, coñecido como Liñeiriños, ten asignado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) un desenvolvemento de tipo público polo sistema de expropiación. Deste xeito, como é de desenvolvemento público, ten que ser o propio Concello de Vigo quen inicie a expropiación do sector Liñeiriños. No caso da área do sector coincidente co Monte Veciñal en Man Común de Cabral deberá argumentar o principio de “utilidade pública” ou “interese social prevalente” e basearse nas posibles infraestruturas ou equipamentos que se realizarían neste sector como pretexto expropiatorio.

Porén, dada a actual situación económica e social da nosa cidade, a declaración de Porto Cabral como de interese público está absolutamente inxustificada e as

consecuencias, fundamentalmente para o pequeno e mediano comercio da cidade, recomendarían exactamente o contrario, evitar a construción de grandes superficies comerciais que ademais de arrasar co comercio local están a atravesar elas propias unha grave crise na nosa cidade e contribúen á perda de postos de traballo e á precarización do emprego no sector comercial.

Existe actualmente unha excesiva oferta e unha saturación de grandes área comerciais que se reflicte nas súas elevadas porcentaxes de desocupación (Centro Comercial Praza Elíptica - 50%, Centro Comercial Camelias - 37,50%) nunha situación xeral do sector comercio de caída nas vendas que provocou o peche de 20.000 establecementos no noso país, algo palpábel tamén na nosa cidade só con percorrer as súas rúas. Trátase dun formato comercial cuestionado e xa en desuso nos seus países de orixe que, neste caso, provocaría a destrución de postos de traballo e graves prexuízos económicos no pequeno e mediano comercio levando as ganancias xeradas fóra do comercio económico local.

ACORDOS:

1. Instar ao goberno local a non desenvolver ningunha gran superficie comercial no sector de Liñeiriños, dada a excesiva oferta comercial deste tipo de centros comerciais existente na nosa cidade e a repercusión negativa da súa apertura no comercio de proximidade.
2. Instar ao goberno local a desenvolver programas de apoio e estímulo da actividade do pequeno e mediano comercio, así como un plano de choque que faga fronte ao esmorecemento industrial que padecemos, toda vez que a industria é a peza chave para o desenvolvemento económico e para o futuro da nosa cidade.
3. Instar á Xunta de Galiza a promover unha moratoria para a implantación de grandes superficies comerciais en todo o territorio galego.
4. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dun plano sectorial de equipamentos comerciais na Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-SRA. VELOSO RÍOS: Fronte aos anuncios en prensa nos últimos día de que o Goberno Local ten a intención de desenvolver este proxecto chamado Porto Cabral, coñecido como Porto Cabral aínda que descoñecido no seu contido, porque seguimos sen ter ningún tipo de información real sobre este proxecto, o Bloque Nacionalista Galego trae a Pleno esta moción na que solicitamos distintos acordos, por unha banda instar ao Goberno Local a non desenvolver ningunha gran superficie comercial no sector de Liñeiriños dada a excesiva oferta comercial deste tipo de centros comerciais existentes na nosa cidade, e a repercusión negativa da súa apertura no comercio de proximidade.

Instar ao Goberno Local a desenvolver programas de apoio ao estímulo de actividade do pequeno e mediano comercio, así como un plano de choque que faga fronte ao

esmeremento industrial que padecemos, toda vez que a industria e a peza chave para o desenvolvemento económico e para o futuro da nosa cidade.

Instar á Xunta de Galicia a promover unha moratoria para a implantación de grandes superficies comerciais en todo o territorio galego, e instar á Xunta de Galicia á elaboración dun plano sectorial de equipamentos comerciais en Galicia a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.

Esta é unha situación real, estamos nunha cidade que está sufrindo un desmantelamento do sector industrial importante, hoxe mesmo aprobamos esa Declaración Institucional sobre Freiremar, pero que está tamén atravesando unha situación moi grave no sector do comercio.

Nós escoitamos aos comerciantes vigueses, como o sector do pequeno e mediano comercio en Vigo oponse radicalmente á creación dun mega centro comercial na nosa cidade, respecto á creación de emprego, non sería creación senón destrución, porque se os promotores anticipan, especulan coa creación dos 4.000 postos de traballos, os comerciantes insisten en que provocaría a desaparición doutros 6.000, como pasa en Zaragoza que logo da apertura de Porto Venecia destruíuse o 35% do comercio da cidade.

Iso é o que está dicindo o sector do pequeno e mediano comercio que sabe moi ben como é a crise que está sufrindo nestes momentos en Galicia e en Vigo. Estamos falando que dende 2008 perdéronse 12.770 postos de traballo no sector do pequeno e mediano comercio no noso país. Por certo, en tódalas provincias as menos afectadas son Lugo e Ourense onde menos centros comerciais hai, pero onde hai grandes superficies comerciais estase destruindo emprego no sector do comercio, tanto na provincia de Pontevedra como na provincia de A Coruña. Ben sabemos que a provincia de A Coruña nomeadamente a Cidade de A Coruña, é un exemplo de instalación de grandes centros comerciais, estamos falando ultimamente, facía referencia o Sr. Alcalde a semana pasada a Marineda City, pero podemos falar de Marineda City, Dolce Vita, Espacio Coruña, Concor, Os Cantones Village, podemos falar de toda unha serie de centros comerciais na cidade, que provocaron? Unha enorme destrución de postos de traballo no pequeno e no mediano comercio e que provocan tamén unha precarización enorme das condicións laborais. Estamos vendo como Ikea despide a 100 persoas no mes de marzo, como o 90% dos traballos en Ikea son contratos a tempo parcial, estamos vendo ós traballadores manifestándose, porque aínda recibindo subvencións do Concello de A Coruña para crear medio millar de postos de traballo non crearon nin sequera 300. Esa é a realidade dos grandes centros comerciais no noso país, e aquí vendemos fume, falamos de 3.000 postos de traballo só na construción como falou o Partido Popular no seu momento, cando se comezou a construción do Hospital privado, estamos falando de moitos postos de traballo e

preguntámonos realmente se se vai facer como coa fábrica de baterías en Salvaterra, que o Alcalde recollía os curriculums para un proxecto, que daquela o Alcalde de Vigo apoiaba e dicía que era gracias á intervención do Sr. Zapatero e aínda estamos agardando por esa fábrica de baterías que nunca deu ningún tipo de traballo en Salvaterra.

Non xoguemos coa desesperación da xente, non fagamos como o Sr. Feijóo cos Floteis que ten durante anos a traballadores agardando a recuperar os seus postos de traballo e a poder cobrar e levar algo de comer para a súa casa. Teñamos coidado con este tipo de propostas e non sexamos demagóxicos.

SRA. SILVA REGO: É sorprendente escoitar os argumentos de defensa desta moción, todas e cada unha das propostas van en contra aos fins e obxectivos que propón o Plan Xeral, que volvo lembrar que foi planificado, deseñado e aprobado polo Bloque Nacionalista Galego, de feito foi o Bloque Nacionalista Galego o único partido que votou sempre favorablemente ao PXOM e defendeu a creación dun gran centro comercial neste ámbito. Dende o inicio, sendo Alcalde o Sr. Castrillo, defenderon que este ámbito era un piar estratéxico, tanto para a cidade como para a eurorexión, por iso levo tempo preguntándome porque se opoñen agora ao desenvolvemento dun ámbito ideado por vostedes, en principio parecía simple oportunismo político, pero parece que hai outras motivacións, o interese de algúns dirixentes do seu partido, Sra. Veloso, para que a inversión marche cara a outro pobos da provincia, aínda que logo nisto dan marcha atrás. Ou pode que se pretenda evitar que Vigo chegue a ser o gran de centro de atracción de millóns de persoas, ao norte non lle gusta nada esta posibilidade, espero que non sexa esta a causa do seu radical cambio de postura.

Sabe o que escribiron vostedes no Plan Xeral? Voulle ler “plasmar unha ordenación que permita acomodar nesta zona de Vigo un centro de actividade a escala da eurorexión Galicia -Norte de Portugal, que poida garantir a construción dun gran complexo terciario para aproximadamente catro millóns de persoas, magnificamente conectada por estrada e situada á beira do Aeroporto de IFEVI” di máis, “dado o carácter estratéxico desta previsión, cardinal para a futura ordenación de Vigo, enténdese que o sistema de execución debe ser directo, a expropiación”. Polo tanto, o que se está a facer non é máis que o previsto e reiterado dende hai máis de dez anos polo seu Partido, polo Bloque Nacionalista Galego.

Por outra banda, parouse vostede a reflexionar sobre o que significa a súa proposta, pois habería que revisar o Plan Xeral, e iso o que pretenden? Se vostede piden o cambio de uso de millón e medio de metros cadrados, so hai unha forma legal de facelo, modificar o conxunto do Plan.

Fala ademais da utilidade pública, na súa moción, e interese social, tamén neste

aspecto está mal asesorada, a zona de “Liñeiriños” a calificaron vostedes como solo urbanizable, sabe o que di a LOUGA? Leo “a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva consigo xa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins da expropiación”, iso é o que imos facer ordenara a peza segundo os usos que contempla o PXOM que vostedes deseñaron, non se pode facer outra cousa, dio a lei.

Outros dos seus discutibles argumentos é intentar contraponer o desenvolvemento deste ámbito co pequeno e mediano comercio, non é lexítimo utilizar argumentos falaces, vostedes dicían que coa implantación desta áreas suprarexionais se creaban sinerxias que incrementaban a demanda do pequeno comercio, vostedes defendían as bondades destas grandes superficies para o comercio local, é máis, deixárono escrito, está no Plan Xeral, así que non me diga agora que son negativas, dicían antes a verdade ou dina agora? Moita xente de Vigo vai comprar á Coruña e Oporto. Coñecen vostedes xente de A Coruña e de Oporto que veñan a comprar a Vigo? Non será que detrás desta oposición o interese que haxa e que non teñan que vir a comprar a nosa cidade?. Nós queremos atraer a eses millóns de persoas da eurorexión e que veñan a comprar a Vigo, iso potenciaría o pequeno e mediano comercio dicíano vostedes, e non se preocupe xa apoiamos o comercio e a industria, aínda que non é competencia municipal e non o digo eu dino os representantes do sector, di que só teñen apoio do Concello e vano seguir tendo.

Por último, cre vostede que algunha cidade do mundo renunciaría a crear actividade económica e 3.000 postos de traballo? Iso é o que vostedes están propoñendo? Pois xa lle digo que nós non imos renunciar á creación de actividade e emprego.

Remato, vostedes dicían que “Liñeiriños” era estratéxico no 2003, 2005, 2007, 2008 e tamén no 2011 en campaña electoral que dicían que era unha grande oportunidade para crear riqueza e emprego, estamos de acordo, nós e tódolos alcaldes da área que din que se non ven para Vigo o van promover eles, iso é o que queren? Pois dígallo aos vigueses/as, imos facer o que di o Plan, imos cumprir coas nosas obrigas, non cabe a demagogia, a súa demagogia. Nós imos defender que se cren miles e miles de postos de traballo, díganlle vostedes ao parados de Vigo que vostedes non queren porque é o que o que están propoñendo, demagogia, falsidades e dar a volta ao que dixeron durante máis de dez anos.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A verdade, coa refrega que levan hoxe señores do Bloque Nacionalista Galego, xa non sei como comezar. Sra. Veloso, explíquenos como pode tomar unha decisión deste calibre sen información. O Partido Popular o único que ten ata o momento é un power point cheo de fotos a todo color e carente de calquera tipo de información, que é este, e pódeno ver en calquera momento, isto é o que temos de

información, isto é o que hai, está na web.

Eu entendo que a vostedes con catro fotos lles chegue, pero onde está a información? Isto non é serio Sra. Veloso, cal é o proxecto, onde está o proxecto, debaixo da mesa do Sr. Alcalde? Porque nós non o temos, xa nos dirá o Sr. Domínguez que tanto defendía este proxecto como conseguiu lelo se esta debaixo da mesa do Alcalde. Que sabe o Alcalde para que se tirase á prancha cando nós solicitamos unha Xunta de Voceiros e non se nos fixo caso, por exemplo, quizais poidan contestar cales son as empresas tractoras para este proxecto, existe algún plan económico financeiro, cal é o impacto que supón este plan no comercio de Vigo? O único que sabemos nestes momentos é que se fala dunha inversión de 500 millóns e 3.000 postos de traballo a priori hai que avalialo para ser consecuentes coas nosas decisións, pero é esa toda a información?. Sei que non vai contestar a ningunha destas preguntas, nin sequera se lle pasou pola cabeza, catro fotos nun power point permítelles tomar unha decisión, moi habitual en vostedes.

Actualmente calcúlase en Vigo uns 4.500 comercios activos, dos 7.650 comercios existentes a finais do 2007, isto supón unha caída do 41% en seis anos, tendo en conta que no 2007 máis ou menos hai unha media de 2,9 traballadores por comercio minorista, agora estase preto dos datos do 2003, supón unha perda de 11.385 traballadores en Vigo en seis anos, isto é un despropósito, vostedes votaron a favor do Plan Xeral, e máis o Sr. Domínguez hai dous anos e medio estaba solicitando impulsar "Liñeiríños", no 2011 reclamaba como unha prioridade poñer en marcha o ámbito de "Liñeiríños". Que pasou o que era bo hai dous anos xa non o é agora? Pero que cambiou? Antes valíalles agora non. Sra. Veloso que pretenden, que necesitan poñerse "farrucos" co Alcalde para despois venderlle o seu apoio, e así facer o teatro ao que nos teñen acostumbrados como sempre? Sra. Veloso é imposible entender nada do que fan, pero os de Salvaterra que pedían a inversión para eles, non son do Bloque Nacionalista Galego? A que xogan? A semana pasada si, agora xa non, a onde queren desviar este tipo de inversións, iso si que é facer a súa política confundir ao cidadá? É todo é un exercicio de responsabilidade, por que estanse facer derrogar co Alcalde? Que esperan obter ao cambio? Explique os peaxes que ten que pagar a cidadanía polos seus caprichos, pretenden que tomemos unha decisión sen coñecer o proxecto, perdoe Sra. Veloso, isto non é serio, vostede tampouco coñece o proxecto, e se non así xa nos dirá por que ten información privilexiada, como pode posicionarse nun proxecto deste calibre sen coñecelo? Xa vexo que, como sempre, exercendo a súa famosa responsabilidade política.

Por iso vémonos obrigados a presentar esta moción de substitución do punto un, para instar ao Goberno Local a entregar toda a documentación existente sobre o Proxecto Porto Cabral, instar aos seus promotores para que entreguen á Corporación municipal

toda a información necesaria para a correcta avaliación do proxecto e instar ao Goberno Local a que faga un estudo de impacto do proxecto Porto Cabral sobre o comercio de Vigo e a cidade en xeral. Polo lo mesmo solicitamos que a votación desta moción sexa por cada un dos puntos, no punto tres por exemplo, instase á Xunta de Galicia a promover unha moratoria para a implantación de grandes superficies en todo o territorio galego, pero Sra. Veloso que se lle perdeu en Lugo? Que ten que ver a Xunta de Galicia aquí? Este é o Plan Xeral que vostedes mesmos aprobaron, deixe de botar balóns fora.

Sr. Alcalde, os puntos non están vinculados pero entre eles pódense entrar en contraposición no voto, votar de forma conxunta estes puntos non estaríamos exercendo de forma responsable a nosa labor de cara á cidade, e aquí non se está presentando unha moción senón varias, no punto un fálase dun centro comercial, no dous dun tema industrial, no tres quérese impedir centros comerciais en Lugo, non sabía que isto fora o Parlamento de Galicia e no cuarto da Lei de comercio de Interior de Galicia 13/2010, polo tanto, solicito unha votación separada para que cada un dos puntos.

SRA. VELOSO RÍOS: Comezo clarexando que non aceptamos a emenda do Partido Popular porque nós consideramos que non corresponde neste momento desenvolver o macro centro comercial na nosa cidade e incluímos á Xunta de Galicia porque é quen ten que dar a licencia comercial, de feito, igual vostedes poderían ter máis información que nos sobre o proxecto porque os promotores, este fondo de investimento especulativo Eurofound estivo reunido co Conselleiro e díxolle que lle podía interesar, este tipo de centros comerciais necesita licencia comercial da Xunta de Galicia, tan sinxelo como iso.

O Plan Xeral efectivamente recolle o uso terciario, dende logo en ningún sitio pon que haxa que desenvolver un macro centro comercial, en ningún sitio absolutamente. O Plan Xeral foi iniciado polo Bloque Nacionalista Galego e non só asumimos esa responsabilidade senón que nos sentimos orgullosos de ter iniciada a redacción dun Plan Xeral que era necesario para esta cidade, pero que foi tramitado e aprobado por tódolos Grupos Políticos porque demorouse tantos anos, en boa parte gracias a moitas actuacións moi cuestionables por parte do Partido Socialista que chegou a estas alturas aínda o Plan Xeral, pero é o resultado de todos/as.

Podemos falar tamén do que se dicía sobre o propio sector, en xullo de 2007 atopamos unhas declaracións no País dicindo que “no sector atopamos un bosque moi fermoso e un pulmón para a cidade e non se entende que o tratamento prioritario polo illamento do ámbito con respecto a outras zonas máis urbanas”, declaracións de dona Carmela Silva, concelleira de Urbanismo.

Sr. Abel Caballero que se compromete a atender a petición dos veciños en relación coas anunciadas expropiacións, non serán expropiadas as 120 familias que habitan as 58 casas do ámbito, iso dicían en 2007 cando había un proxecto dunha empresa, ING, agora hai un proxecto doutros fondos de investimentos Eurofound, que si polo visto obriga a expropiar. En 2007 o Partido Socialista non quería expropiar, en 2013 si quere expropiar, igual e que teñen que explicar algunha información que lles deron en Madrid porque non sabemos por que hai que reunirse cun fondo de investimento especulativo para clarexar un proxecto de tanta importancia. En 2007 isto non ía ser así, non interesaba, era un pulmón, era moi fermoso para cidade e non se ía expropiar, esa é a realidade e se queren explicarllo a alguén, se nos piden a nós que nos expliquen, explíquenllo por exemplo aos 430 traballadores de Pórtico que se van quedar sen traballo porque queren vostedes poñer aquí un Ikea.

A PRESIDENCIA: Me temo Sra. Veloso que vostede ten que revisar o seu coñecemento do Plan, moi seriamente porque dixo graves inexactitudes con respecto ao Plan, con respecto as garantías que dan sobre as vivendas, que quérolle lembrar que foi introducido na tramitación final do Plan Xeral, dando garantías e sobre o ámbito no que se está a desenvolver o Proxecto desenvolvido dende o Plan Xeral que non afecta a esas vivendas. Polo tanto, se no debate estamos a introducir elementos falsos desta envergadura e publicamente o que non farán algúns en privado, argumentalmente. Cando escoito dicir aquí que se está falando da expropiación das vivendas do ámbito de Liñeiriños, é falso, definitivamente falso, polo tanto, creo que ao menos neste Pleno deberíámonos ater á rigorosidade de lerse o Plan e saber o desenvolvemento do Plan e deberíámonos ater á rigorosidade dun punto do Plan no que di, e falase dun gran centro comercial, fálase, nese Plan que vostede mesma votou. Polo tanto, estoulle a dicir que deberíamos ter a rigorosidade nas intervencións de dicir a verdade.

A continuación, como supoño que non quere a votación singular que lle pedía o Grupo Popular.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde, é que se van votar cuestións que son contradicións.

A PRESIDENCIA: O grupo propoñente quere votación única, polo tanto sometemos a votación a moción do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

SRA. VELOSO RÍOS: Quería clarexar a votación, é dicir, a contradición ou non dos contidos. Evidentemente é unha interpretación política.

A PRESIDENCIA: Non nos dea razóns, soamente diga se quere votación global e votamos.

SRA. VELOSO RÍOS: É que estase facendo unha valoración por parte doutro grupo político de que é contradictorio e eu digo que non, que iso é unha interpretación política.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos e vinte e dous votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando ao goberno a non desenvolver ningunha superficie comercial en Liñeiriños e ó apoio de programas para o pequeno e mediano comercio, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

A PRESIDENCIA: Antes de suspender o Pleno aos efectos de acudir ao acto "en contra da violencia de xénero" imos facer a moción 4.2, se lle parece aos señores/as concelleiros.

4.2(222).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO A CREACIÓN DUN CENTRO INTEGRAL PARA PERSOAS PROSTITUÍDAS E PARA AS VÍTIMAS DE TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL. EXPTE. 781/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro de 2013, número 781/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, formula a seguinte moción:

“Segundo o estudo elaborado pola Universidade de Vigo, en 2.011, cífrase en máis de 1.000 as persoas que exercen esta actividade na cidade de Vigo. Tamén sinala que están rexistrados máis de cento cincuenta pisos de exercicio da prostitución e 40 clubs nesta cidade. Hai auténticos complexos hostaleiros do sexo, locais coñecidos onde en numerosas ocasións fanse redadas e descóbrense algunha menor que debido á falta de dispositivos de atención volve á rede. As redes de captación adoitan traer a mulleres e nenas de entre 16 e 43 anos que posteriormente son forzadas a exercer a prostitución para pagar a débeda que contraeron cos seus captadores pola viaxe de ida a España. Cando non son enganadas con promesas dun traballo digno, fanlles pagar o triplo do valor da viaxe.

O medo ás ameazas e o temor a que as súas familias sufran as represalias dos grupos organizados son o principal motivo polo que estas redes de trata de brancas non son denunciadas á policía.

O que se expón nesta moción é a creación dunha vivenda de acollida para persoas prostituídas que queiran deixar a prostitución e /ou vítimas de trata con fins de explotación sexual na cal se lles ofrezca a posibilidade de levar a cabo un proceso de recuperación persoal que lles proporcione autonomía persoal e integración socio-laboral adecuada para eles/as e os seus fillos/as.

Vigo converteuse nunha cidade de mantemento e fomento da maior secuela contra a igualdade, a prostitución. A publicidade en valos publicitarios, en medios de transporte públicos e as inexistente medidas de recursos, opcións e propostas fixeron que Vigo sexa a única cidade de Galicia sen un lugar de acollemento para estas persoas.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Crear un centro de atención integral para persoas prostituídas que queiran deixar a prostitución ou/e para vítimas de trata e explotación sexual.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Hoxe día 25 de novembro creo que é un bo día para que os tres Grupos Políticos por consenso apoiemos esta moción que é un tema moi importante, un traballo que debe ser de todos e de todas e deixar ideoloxías, partidismos e manifestacións contraditorias de lado. Quero lembrar que nós no ano 2010 presentamos unha moción neste Concello no que solicitábamos que se eliminase de tódolos medios de publicidade tódalas infraestruturas de dependencia municipal se eliminase toda a publicidade dos clubs de alterne, casas de citas e tódolos locais nos que se exerce a prostitución, nos paneis informativos e medios de transporte público e aínda a día de hoxe, tres anos despois, non se tomou ningunha medida ao respecto, aínda vemos paneis informativos e diferentes medios de transporte público con estes reclamos publicitarios. O traballo de momento, non o fixeron.

Segundo un estudo elaborado pola universidade de Vigo, no ano 2011 cífranse en

máis de 1.000 persoas que exercen esta actividade na nosa cidade de Vigo, a cidade de Galicia onde se exerce maioritariamente este desempeño. As ONGs que traballan con este tema atenderon a un total de de 1.900 persoas o último ano, tamén sinala este estudo da Universidade, que están rexistrados máis de cincuenta pisos de exercicio da prostitución, e corenta clubs na nosa cidade de Vigo. Hai auténticos complexos hoteleiros do sexo, locais coñecidos onde en numerosas ocasións faise redadas e se descobre algunha menor que debido a falla de dispositivos de atención volve á rede.

A rede de captación soen traer a mulleres e nenas de entre dezaseis e corenta e tres anos, hai uns días descubríamos unha nena de quince anos que estaba practicamente secuestrada nun club non moi lonxe da nosa cidade.

Cando no son enganadas con promesas dun traballo digno, fáiselles pagar o triplo do valor da viaxe, co cal esa situación de pobreza extrema pola cal se dedican a esa labor moitas veces vólvese unha auténtica escravitude e abuso que nós non debemos permitir. O medo ás ameazas, o temor a que as súas familias sufran as represalias dos grupos organizados son o principal motivo polo que estas redes de trata de brancas non son denunciadas á policía.

O Aeroporto de Peinador é unha das tres terminais españolas, xunta coa de Madrid e Bilbao pola que chegan un maior número de mozas procedentes de Centro América e Sudamericana para exercer a prostitución. A problemática detectada con Peinador recóllese no Plan Integral de Loita contra a trata de seres humanos con fines de explotación sexual, un documento elaborado coa participación de once ministerios do Goberno Central, ademais a proximidade territorial con Portugal favorece o tránsito desta problemática.

O que se propón nesta moción é a creación dunha vivenda de acollida para persoas prostituídas que queiran deixar a prostitución ou para vítimas da trata con fines de explotación sexual na cal se lles ofrezca a posibilidade de levar a cabo un proceso de recuperación persoal, que lles proporcione autonomía persoal e integración socio-laboral adecuada para eles/as e os seus fillos.

Vigo converteuse nunha cidade de mantemento e fomento da maior lacra contra a igualdade, a prostitución. A publicidade nas vallas publicitarias e en medios de transporte públicos e a inexistencia de recursos, opcións e propostas fixeron de Vigo que sexa a cidade de Galicia sen ningún lugar de acollemento para estas persoas. Está no punto de mira por ser o top ten en ofertas deste tipo, a nosa cidade dinámica e emprendedora é un gran negocio cando hai grandes feiras e eventos e dúplícase a oferta, pero tamén a demanda, e en Vigo non existe ningún recurso onde podamos aportar solucións a estas persoas.

Dende o Partido Popular temos feito o proxecto do Centro, é alcanzable e o Concello

pode asumilo perfectamente se quere trasladámosllo, podemos eliminar dentro da Concellería de Igualdade as exposicións, cursos, presentacións e actividades que rondan unha media de 10.000 euros e que só teñen repercusión e poucos visitantes o día da foto.

Se xestionamos ben, dunha vez por todas, os cartos dos vigueses podemos facelo, e podemos sumarnos a esta proposta, é unha proposta en positivo.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que eu xa no mes pasado que o Partido Popular tamén presentaba unha moción solicitando a elaboración de Plans de Igualdade ou algo así, xa lle dixen que cos temas de Igualdade no Bloque Nacionalista Galego íamos facer como cos temas de emprego, tal e como insiste sempre o meu compañeiro Sr. Alonso Pérez, imos votarlle sempre en contra, porque é unha desvergoña que veñan ao Concello a presentar algunha proposta cando vostedes, tanto dende o Goberno do Estado como dende o Goberno da Xunta de Galicia desmantelan absolutamente todo. Ademais é que nos parece máis desvergoña aínda que veñan vostedes a solicitar dun Concello que abra un centro de atención a mulleres vítimas de trata, mulleres, homes, nenos e nenas, persoas en xeral, como vostedes din, utilizando unha terminoloxía un pouco estraña, incluso recorren a esa frase de “trata de brancas” que creo que hai xa moitos anos que non se utiliza e supoño que a trata de persoas é igual de grave se son brancas ou negras, pero parece que vostedes aínda non o teñen moi claro.

Vostedes propoñen a este centro que o leven dende un concello, cando vostedes mesmos, o Partido Popular, nesa famosa reforma sobre a sustentabilidade das administracións locais indican que a igualdade de xénero é unha competencia impropia dos concellos, iso si, non din de quen é propia, súa non dende logo, propia non é en absoluto do Partido Popular.

Nós entendemos que en absoluto o Concello de Vigo ten as competencias para abrir un centro semellante, si hai un centro aberto na nosa cidade para atender as mulleres vítimas de violencia de xénero, sexan cales sexan as súas circunstancias, que está xestionado pola Xunta de Galicia e sostido financeiramente basicamente polo Concello de Vigo a pesares das reclamacións insistentes a contribuír ao seu financiamento por parte da Deputación de Pontevedra, ó cal se negan, e aumentar o financiamento por parte de Xunta de Galicia, ó cal se negan tamén, se existe xa é porque o mantén o Concello de Vigo, esa é a realidade.

Eu o único que vou facer e recoller a miña intervención na moción do mes pasado, lembrándolles tódalas competencias que vostedes terían que desenvolver dende o Goberno do Estado e dende a Xunta de Galicia que non están desenvolvemento en absoluto. Imos centrarnos no asunto da “trata de seres humanos”, da trata de persoas, esta mesma semana, igual non segue moito a prensa e como era o 25 de

novembro pareceulle apropiado, pero hai cinco días, o día 20 de novembro, publicábase nos medios de comunicación que a Comisión Europea acaba de abrir un procedemento de incumprimento a España, e podería levalo aos tribunais no prazo de dous meses porque o día seis de abril rematábase o prazo para aplicar na lexislación española, unha Directiva europea sobre a prevención e loita contra a “trata de seres humanos e a protección das vítimas”, é dicir, o Goberno de España tiña que ter aprobado unha lei para aplicar unha Directiva europea que protexese ás mulleres vítimas de “trata e vítimas de violencia sexual” e vostedes dende o seis de abril que tiñan que telo feito, non o fixeron, agora a Comisión Europea ábrelle un procedemento ao Estado Español e pódeo levar aos tribunais en dous meses. Iso é o que lle preocupa ao Partido Popular a “trata de persoas”.

É un auténtico descaro, unha desvergonza, mentres recortan todo tipo de recursos para as mulleres veñen aquí a propoñer a apertura deste Centro, pois non, nós non imos votarlle a favor porque nós entendemos que ó Concello non lle corresponde facer isto e o que si lle esiximos ao Partido Popular é que se deixe destes discursos, non pode haber diferencias políticas, temos que estar todos unidos pola loita da igualdade entre homes e mulleres, mentres o que temos que facer as mulleres é unirnos contra as medidas de desigualdade, de desprotección e de recorte de todo tipo de recursos para as mulleres, ou acaso nese centro no que pretenden vostedes atender ás mulleres prostituídas que lles van a ofrecer coa nova reforma laboral? Vanlles ofrecer un posto de traballo, porque a verdade nestes momentos o desemprego e a pobreza no noso país ten cara de muller, e en boa medida gracias as súas accións políticas. Así que non sei que pretenden sequera ofrecerlles a esas mulleres.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vou intentar ser menos vehemente, pero é difícil. Como é posible que un día como hoxe non haxa ninguén que lle aconselle e que lle diga que esta moción non a debe presentar? Non lle imos a votar absolutamente ningunha iniciativa que teña que ver coas políticas dirixidas ás mulleres, porque vostedes están destrozando tódalas políticas dirixidas ás persoas incluídas ás mulleres. Nunca lle votaremos ningunha iniciativa dese tipo.

Todo iso quizá llo tiña que trasladar vostede ao Delegado do Goberno, porque para algo debe estar, digo eu.

En violencia de xénero non distinguimos, non lle poñemos unha etiqueta á señora que aparece pola porta, a vostedes quizais lle gustara, sempre me veñen ao recordo algunhas anécdotas que son bastante dolorosas e forman parte do ADN da dereita, non lle poñemos ningunha etiqueta, cando nos entra pola porta unha muller atendémola, non lle preguntamos de onde ven, preguntámoslle que necesidades ten.

En Vigo sen ser competencia, que o dixo moi ben a Sra. Veloso, do Concello de Vigo,

nós estamos mantendo o Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero con 300.000 euros, case nada. A Rede Municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, as mulleres prostituídas son vítimas de violencia de xénero, e nós atendémolas, non lle poñemos unha etiqueta.

Atendemos o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, cun equipo multidisciplinario integrado por unha traballadora social, unha psicóloga e unha avogada. Temos bolsas de axuda económica para mulleres vítimas de violencia de xénero, temos un programa de apoio psicolóxico a menores, fillos/as de mulleres maltratadas usuarias do Centro de Información da Muller, convenio de colaboración coas asociacións de mulleres, con Dorna, por exemplo, para o mantemento do Punto de Información de Mulleres, convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos, unha muller prostituída é unha muller vítima de malos tratos, non facemos diferencias, non etiquetamos a ninguén. Temos subvencións a través da Concellería por máis de 60.000 euros, temos un convenio firmado con Faraxa, debería saber vostede cales son as actividades que está realizando. Realizamos campañas de información, sensibilización e concienciación cidadá, Obradoiros de xénero, a semana pasada houbo aquí no Auditorio Municipal, cada día máis de 400 alumnos de Institutos de Secundaria durante tres días falando do acoso, da violencia de xénero. Realizamos guías, actividades, hoxe concretamente unha delas, á que estamos invitados todos nós. Mentres tanto dígame o que fai o Goberno, que me encantaría sabelo, porque mentres tanto desmantela absolutamente todo o que tiñamos.

A prevención de todo isto empeza por non facer que desapareza a educación para a cidadanía, empeza por non usurparlle aos concellos as competencias en materia de Igualdade por que si o Concello non estivera agora mesmo atendendo ás persoas en risco de exclusión social, que o estaría facendo? Onde estaban? Con esta reforma local que vostedes pretenden facer que din que é tan boa, desaparecen os puntos de información, os pisos de acollida para maltratadas, os programas de recuperación para vítimas de violencia de xénero, que a consideración do código penal teñen que demostran non sei o que, teñen que estar morrendo para que os poidan atender. Pero por que son tan hipócritas? Se todas as leis que están facendo dende o Goberno de España, vostedes dende aquí están calados, din amen e véñenlle pedir ao Concello de Vigo que faga que? Se ten un Centro de Inclusión e Emerxencia Social no que entran as mulleres, tamén os homes, que son vítimas da situación que vostedes mesmos están favorecendo a crear. Nós non lle poñemos ningunha etiqueta a esa persoa, atendémola a esa muller maltratada, aos nenos/as desas mulleres maltratadas.

Eu mandeille unha carta hai un ano á conselleira de Igualdade e estou esperando a que me conteste, porque ese centro que estamos atendendo nós, cos cartos dos

cidadáns de Vigo, non están facendo nada, absolutamente nada e a competencia é da Xunta de Galicia. Hai dous anos estaba aí sentado o Sr. Coello, paréceme que ten boa relación con vostedes, falen con el porque todos estes temas son responsabilidade súas.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Quero comentarlle unha cousa Sra. Abelairas, non lle pode contestar a conselleira de Igualdade porque non existe a conselleira de Igualdade, entón non lle pode contestar, existe a Secretaria Xeral de Igualdade que depende de Presidencia.

Vostede di que non lle preguntan de onde ven a unha muller de Vigo que ten un problema, non lle preguntan de onde ven para atopar traballo. Saben o que lle piden vostedes? O carné Socialista para entrar a traballar no Concello, o Sr. Príncipe díxoo o outro día, iso é o que vostedes lle piden. O RH a ver si ten un familiar do Grupo Socialista para poder traballar, iso é o que vostedes piden.

O Convenio do Centro de Emerxencia de Mulleres maltratadas asinouno o Sr. Abel Caballero, se non lembro mal naquel momento o Xerente do Consorcio era o Sr. Pérez Castrillo, que consensuaron absolutamente toda a normativa, a xestión económica, a achega, entón se agora non lles gusta presente unha moción ou faga algo onde o ten que facer, tamén lle recomendo que vixíe a súa casa, como está funcionando o CIM actualmente porque chegaronnos algunhas informacións e creo que debe empezar a vixiar a súa propia casa en vez desta botando balóns fora e criticando á Xunta de Galicia e á Deputación cando vostede non está xestionando adecuadamente a súa casa.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do grupo político do Partido Popular, Sra. García Miguez, propoñendo a creación dun centro de atención para persoas

prostituídas e vítimas de trata e explotación sexual, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

A PRESIDENCIA: Suspendemos o Pleno, sendo as 11,40 horas ata a 13 horas para asistir ao acto a favor das vítimas de violencia xénero, en contra da violencia de xénero.

A PRESIDENCIA: Sendo as 13 horas, continuamos o Pleno que interrompemos aos efectos de acudir ao acto en contra da violencia de xénero.

4.3(223).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXIS. EXPTE. 782/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro de 2013, número 782/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte moción:

“No contexto global da mobilidade das persoas, o servizo do taxi, é unha actividade regulamentada que complementa as prestacións propias do transporte colectivo. Sendo un servizo completamente abandonado polo alcalde.

Con motivo das competencias que ten este concello en transporte, da obrigaón legal que establece a Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte de persoas en vehículos de turismo en Galicia sobre o prazo dun ano para adaptar as ordenanzas municipais reguladoras do servizo do taxi a lei citada, e da situación comprometida que están a vivir pola situación económica actual os profesionais deste sector. Dende o Partido Popular, tendo en consideración reclamacións históricas dos profesionais do sector desta cidade e aspectos tratados no borrador de Ordenanza reguladora do servizo de autotaxi como;

-Sistemas de concesión, suspensión extinción o transmisión de licencias e número das mesmas.

- Condutores de Autotaxi.
- Vehículos e elementos obrigatorios dos mesmos.
- Forma de prestación do servizo.
- Dereitos e deberes dos usuarios.
- Réxime sancionador.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

“ Instar ó goberno municipal a que cumpra coas súas obrigas e;

1. Acometa de forma prioritaria a modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Autotaxis para a cidade de Vigo, que se foi quedando obsoleta, non so pola obriga legal senón pola necesidade de renovación para cubrir as necesidades sociais e dos profesionais.
2. Teña en conta ós profesionais e ás asociacións profesionais de maneira que formen parte do equipo de traballo que redacte a modificación de Ordenanza Reguladora do Servizo de Autotaxis así como a modificación da taxa.
3. Aposte e potencie mediante apoio técnico, e económico un servizo de transporte de pasaxeiros fundamental para a cidade de Vigo

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: No momento actual a mobilidade constitúe un compoñente esencial da calidade de vida das persoas. Non é posible concibir unha sociedade moderna e avanzada sen que nela está garantida a posibilidade de facer efectiva unha liberdade de desprazamento empregando un sistema organizado de transporte público. A existencia e o adecuado funcionamento do transporte público constitúen un bo indicador do progreso económico e social da sociedade. Este indicador neste Concello por desgraza vai a menos porque as cifras do transporte público tamén, por desgracia, van a menos, co cal o noso nivel de progreso económico e social sinto dicir que tamén vai a menos, incluso do seu nivel cultural e humano ao favorecer a relación entre as persoas con independencia do lugar onde residan.

Neste contexto global de mobilidade o transporte público de persoas en vehículos de turismo ten unha importancia decisiva, este transporte e particularmente o de servizo de taxis, presenta unha esencialidade máxima como instrumento conformador da convivencia da cidadanía e da habitabilidade do entorno urbano e interurbano con independencia do lugar onde se resida. A importancia deste tipo de transporte e do sector vinculado ao mesmo, obriga a dispoñer dunha ordenación xurídica que constitúa un medio para a súa promoción obxectiva. Por iso, o Grupo Popular propón que se aproveite a obriga adaptación da Ordenanza do Taxi á Lei 4/2013, de Transporte de persoas en vehículo e turismo de Galicia, para modernizar o servizo como xa o fixeron noutras cidades.

Na actualidade, o sector está polo chan debido a crise económica que estamos soportando e a falla absoluta de apoio e iniciativas das administracións, incluído o Goberno Municipal. Ao prazo dun ano para elaborar a nova ordenanza de acordo coa normativa autonómica, xa lle queda pouco e non se fixo nada para actualizala.

En Vigo viven máis de medio millar de familias directamente do sector do taxi, que está completamente abandonado, os ingresos non chegan e o custo do servizo encarácese cada vez máis.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular configúrose un Plan de mellora do sector do taxi, nós facemos achegas en positivo que abarca unha serie de medidas relativas tanto á prestación de servizo como as tarifas, a aplicación de novas tecnoloxías, o aproveitamento turístico dos vehículos, a homoxeneización dos mesmos ou a implantación do taxi-bus onde non sexa rendible o autobús.

Por todo isto, dende o Partido Popular pretendemos que se aproveite a ocasión para mellorar este abandono do sector, tendo en consideración reclamacións históricas dos profesionais da nosa cidade e aspectos tratados no borrador da ordenanza reguladora do servizo de taxi como sistemas de concesión, suspensión, extinción e transmisión de licencias e número das mesmas, condutores de auto-taxi, vehículos e elementos obrigatorios dos mesmos, forma e prestación do servizo, dereitos e deberes dos usuarios ou réxime sancionador.

Por isto, solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo, que cumpran coas súas obrigas e acometa de forma prioritaria a modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Auto-taxis para a cidade de Vigo, que foi quedando obsoleta non só pola obriga legal, senón pola necesidade de renovación para cumprir as necesidades sociais e dos profesionais. Téñase en conta ós profesionais e ás asociacións profesionais de maneira que formen parte do equipo de traballo que redacte a modificación da Ordenanza reguladora do Servizo de Auto-taxis, así como a modificación da taxa, repito, a tódolos profesionais que teñen relación con este servizo.

Apóstese e potencie mediante o apoio técnico, económico un servizo de transporte de pasaxeiros fundamental para a cidade de Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu creo que pouco hai que falar desta moción, máis ben case nada porque o lóxico é que efectivamente, se acometa dunha forma xa prioritaria e canto antes, esa modificación da Ordenanza reguladora para que se adapte a esa lei, que se teña en conta ós profesionais, lóxico e normal, e nós tamén queremos que se faga así e que como di non terceiro punto que se aposte mediante o apoio técnico cun servizo de transporte de pasaxeiros, tamén nos parece ben.

En canto á moción a verdade é que moi pouco hai que dicir, pero si en canto as distintas argumentacións ou ás distintas ideas que se poñen enriba da mesa despois da intervención do Sr. Araújo. Hai uns momentos antes de interromper o Pleno e eu quero deixar constancia a gran contradición, vostedes cando se trata de reclamarlle ao Concello reclámanlle mellora no transporte de taxis, unha regulación etc. e nós

tamén, pero é que hai un momento no que aquí acábese de debater unha moción que facía tamén referencia á mobilidade de persoas, á mobilidade de pasaxeiros, nada máis e nada menos que de pasaxeiros dependentes con algún tipo de discapacidade, cousa que vostedes na Xunta de Galicia están recortando. Se non fora este tema o suficientemente grave, faríame gracia o que vostede acaba de dicir, alá onde o servizo sexa deficitario poñan vostedes o taxi-bus, é dicir, alí onde as liñas de Vitrasa sexan deficitarias pónalle vostede a cada persoa un taxi para que os leven aos seus barrios e parroquias, e iso estallo esixindo ao Concello de Vigo cando vostedes fanlle pagar á xente dependente e con discapacidades un servizo que non teñen outra maneira de desprazarse nesta cidade e en calquera outra.

Vivan e viva, por favor non me interrompan, xa sei que lle molesta que se quite á luz as súas grandes contradicións, claro que lle molesta ao Partido Popular, pero non se pode vir aquí a dicir, e llo digo con todo o respecto e cariño que lle teño ao Sr. Araújo, a esixirlle ao Goberno que nos poña taxis a cada persoa para ir ao barrios alí onde Vitrasa non sexa rendible, e logo facerlle pagar a unha persoa dependente con discapacidade un servizo fundamental para a súa mobilidade. É dicir, a mobilidade é para todos, e é prioritaria para todos, pero si para algúns ten que ser prioritaria é precisamente para as persoas que máis o precisan por carecer doutro medio de transporte. Nada máis.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Partido Popular pídenos nesta moción tres cousas, primeiro que fagamos unha nova ordenanza do taxi e dicímoslle aos señores do Partido Popular que esa ordenanza xa está feita.

Segundo, que se conte con profesionais do taxi e dicímoslle tamén que xa estamos contando con eles.

Terceiro, que se colabore co colectivo dos taxis en Vigo, e xa lle digo que nestes momentos estase a colaborar con todo o colectivo dos taxis de Vigo.

O día 9 de outubro remitíuselles o borrador da ordenanza municipal as dúas asociacións que representan ó sector, a Asociación Provincial de Profesionais de Auto-taxis e Asociación Provincial de Autopatronos do taxi, como poden ver, e despois Sr. Araújo achégolle o correo certificado e os recibos de Correos conforme a 100% da totalidade dos taxis de Vigo representados por estas dúas Asociacións remitíuselles esta nova Ordenanza, coa finalidade de que a estudaran e emitiran as alegacións correspondentes no prazo de 15 días, unha delas xa presentou o escrito de alegacións e outra comunicounos co fará esta mesma semana as súas achegas a esa ordenanza.

Falaba vostede da Lei 4/2013, do Transporte público de persoas en vehículos de turismos de Galicia, reflicte que con posterioridade se desenvolverá pola administración autonómica un regulamento que abrangará requisitos para a

titularidade das licencias, número máximo de licencias e procedemento de extinción de licencias entre outras. Un desenvolvemento regulamentario que a data de hoxe non foi levado a cabo nin temos coñecemento de que dende a administración autonómica se traballe nel, seguramente polos cambios na dirección xeral e a crise que viviu nestes días a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Transporte. Situación que dificulta a elaboración da nova ordenanza municipal, a que lle é de aplicación os principios de xerarquía normativa de publicidade e de seguridade xurídica, polo que é necesario aprobación dun regulamento que defina con maior detalle a citada Lei, nestes momentos isto dificulta que esta ordenanza que xa leva feita dende o verán, que xa está circulada a tódolos colectivos do taxi da cidade, que non se poda traer a Pleno ata que se desenvolva este regulamento que, como dicía vostede, ven reflectido na Lei 4/2013, aprobada no Parlamento de Galicia.

Cando falamos de colaboración co colectivo do taxis en materia vehículos non contaminantes, este Concello asinou un convenio cos taxistas e con Repsol para incentivar o uso do gas neste tipo de transportes, con axudas económicas aos profesionais do taxi que decidan adquirir vehículos que se movan con auto-gas e aqueles que transformen o seu vehículo para poder utilizalo. Neste momento benefíciense máis de vinte vehículos do taxi de Vigo, ademais foron incorporados ó servizo de taxi de Vigo, oitenta vehículos híbridos con importantes vantaxes nas ordenanzas municipais que aprobamos nesta Corporación en materia de viais e de seguridade. O Concello de Vigo colabora cos colectivos de taxis no seguinte, recentemente efectuouse unha revisión a tódalas paradas de taxi por un inspector municipal xunto con representantes dos taxistas. Tamén no Concello se recibiron unha series de solicitudes deste colectivo no ámbito da sinalización, moitas delas xa foron executadas, por exemplo, deixar o espazo na Rúa Ecuador para facilitar a saída á Gran Vía, instalouse un semáforo novo na Rúa Bagunda para facilitar a incorporación ao vial e na confluencia de López Mora con Tomás Alonso sinalizar horizontalmente o xiro permitindo a esquerda, no carril bus, que podan incorporarse tanto taxis como autobuses. Pero tamén, colaboramos cos taxis de Vigo en materias sociais, axudas a vehículos adaptados, tódolos vehículos adaptados taxis que hai na cidade están con axudas feitas dende este Concello, dende esta concellería, o convenio que realizou o Concello de Vigo coa Caixa e cos taxistas no verán de lecer, para que os nenos que ían gozar deste servizos este verán tiveran unha axuda e o transporte non lles custara nada e poideran acceder, senón non terían outra forma de poder gozar do verán de lecer que organiza este Concello. O bono-taxi que nestes momentos chega a 30.000 euros que se destinan a 83 beneficiarios de Vigo, con mobilidade reducida, 83 beneficiarios de Vigo poden beneficiarse deste bono-taxi.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que eu coido, estimado Sr. Domínguez, que efectivamente non entendeu moito o tema do taxi-bus, o taxi-bus é un servizo como propoñemos circular, exactamente igual co do autobús, indubidablemente nós tamén propoñemos que o tipo de vehículos que se usen na cidade sexa de máis prazas para que sexa máis rendibles, sexan tamén máis amplos, de maneira que se poda compartir non sexa só para unha persoa, ese é o modelo que nós propoñemos.

É verdade que o 065 o copago que se propoñía neste servizo non é unha idea do Partido Popular, basicamente na Consellería estaban vostedes gobernando, tamén é verdade que se trata dun servizo puntual por necesidades especiais e gratuíto, entón eu creo que as melloras neste tipo de servizo son esenciais.

Por outra banda, alégrome de que xa enviase o borrador a tódolos que fan este tipo de servizo na cidade, alégrome moito, nós requiriremos á Xunta de Galicia o desenvolvemento do regulamento como non pode ser doutra maneira, porque sempre din que nós só estamos a favor da Xunta de Galicia, non nós tamén facemos propostas á Xunta de Galicia.

A verdade que un convenio e as axudas a vinte vehículos de 536 licencias non me parece demasiado, Sr. Regades, é verdade que hai híbridos pero digamos que están financiados polos propios taxistas.

A verdade é que na cidade dicíame que se fan revisión de paradas, a visibilidade das paradas cada vez é menor por desgracia de cara aos usuarios, a falla de sinalización das mesmas e potenciación a través de carteleira deste tipo de servizos, tamén é moi reducida na cidade. A falla de apoio ao mantemento e compra de vehículos practicamente é nula, e non só estou falando deste Concello, de calquera tipo de administración é practicamente nula. Non hai un sistema tarifario integrado como debería haber, e iso de que se fala de intermodalidade na cidade parece que queda para os libros. Despois falla de integración e de tecnoloxías de transporte complementarios, nós si que temos propostas relacionadas cun modelo de vehículo, coas novas tecnoloxías, etc.

(No transcurso do debate abandonou a sesión a concelleira Sra. Iglesias Bueno.)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE.

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular,

Sr. Araújo Pereira, instando a modificación da Ordenanza reguladora do servizo de Autotaxis, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.4(224).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A INCORPORACIÓN NO VINDEIRO ORZAMENTO 2014 DE AXUDAS DIRECTAS AOS COMERCIANTES E Á ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO VIGUÉS. EXPTE. 784/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro de 2013, número 784/1101, o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte moción:

“A actual crise económica que vivimos dende o ano 2009 ten deixado unha fonda pegada no comercio local da nosa cidade co peche de arredor de dous mil comercios.

As novas perspectivas económicas constitúen unha oportunidade para este sector tan castigado pola crise como elemento fundamental na dinamización do emprego e da economía local.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno municipal a incorporar ao vindeiro orzamento do Concello para 2014, unha liña de axudas directas aos comerciantes para reformas de locais comerciais, equipamento, contratación de estudos técnicos relacionados coa mellora da competitividade, mellora da imaxe e a adecuación de locais comerciais, así como para a implantación de novos comercios.
2. Elaborar en colaboración coa Cámara de Comercio de Vigo e a Federación de Comerciantes un Plan estratéxico de apoio ao pequeno comercio vigués.”

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ PÉREZ: O comercio de Vigo forma parte dun dos eixos xeradores de demanda a través da oferta máis importante da cidade, xa que incide directamente en dous parámetros, o primeiro na evolución do consumo interno por medio do comercio minorista, representando un 11% sobre o valor engadido bruto de Vigo, e o segundo como xerador de oferta activa para o turismo, sector que representa outro 11% do valor engadido bruto de Vigo.

O comercio en Galicia, segundo datos da Secretaría de Estado de Comercio, moveu un volume próximo aos 13.400 millóns de euros,, segundo os últimos datos

subministrados polo ministerio, extrapolando eses datos a Vigo atopámonos con que o comercio move unha cantidade preto dos 3.500 millóns de euros.

O ciclo da crise económica en España comeza no 2008, non sendo ata o 2010 cando demostra a súa verdadeira crueza, unha vez pasado o efecto placebo das medidas aplicadas polo Goberno do Sr. Zapatero no 2009, tería que falar de medidas destrutivas tal como indicou o Sr. Solbes, creo que non estiveron moi atentos ultimamente ás noticias, deberían falar co Sr. Solbes, quizais.

O comercio é un dos grandes damnificados por esta crise económica, sobre todo tendo en conta que o principal motor da economía española foi o consumo interno e que o comercio minorista está ligado moi forte a el. Este consumo interno foise freando debida a perda de aforro das familias derivado sobre todo polo peche de Pemes e á paralización do sector naval que tan duramente azoutou a Vigo nos últimos anos, aquí hai que darlle as grazas ao socialista Sr. Almunia, que unida a perda de Vigo como Porto Nodal, de novo temos aquí que darlle as grazas a outro socialista, o Sr. Blanco, co Porto Nodal. Non se entre o Sr. Zapatero, o Sr. Almunia, Sr. Solbes e Sr. Blanco miúdo póker de ases teñen.

Xa comentei nunha moción anterior que actualmente se calculan en Vigo uns 4.500 comercios activos do 7.650 existentes a finais do 2007, tamén comentei anteriormente que segundo o deterioro cunha caída do 41% en seis anos supón a perda activa de 11.385 traballadores, todo grazas a vostedes e a necesaria axuda dos señores do Bloque Nacionalista Galego que gobernaron catro anos esta cidade, concretamente a Área de Comercio o outros dous na sombra, claro, é o único que conseguiron é xerar máis paro, peches de comercio e sen ningunha iniciativa válida, sen unha orientación clara se definir unhas políticas de apoio ó pequeno comercio, de feito, creo que o seu maior logro foi bloquear máis de tres anos o Mercado do Progreso. Aínda por riba comercio minorista vigués compite nun entorno extremadamente competitivo con poucas posibilidades de cara a exportación, de feito, nunha análise preliminar podémonos dar conta dos seus grandes problemas de cara a competir co seu inimigo natural, a gran superficie, non pode competir en superficie, en prezo e cústalle captar un gran volume de persoas, en cambio as grandes superficies compiten en prezos, en superficie e atraen un gran volume de persoas.

Por isto, a nosa obriga é apoiar ao pequeno comercio para volver a ser competitivos, sobre todo tendo en conta que o comercio é a base e da estrutura de servizos da cidade de Vigo. O comercio minorista vigués é un elemento tractor importante para o turismo, é dicir, a xeración de oferta por parte do comercio provoca unha demanda xeradora de oferta para o turismo, tendo desta forma dous sectores que se autoalimentan, o comercio atrae turismo e o turismo tira do comercio, sendo dous parámetros importantes para desindexar o crecemento do comercio, hostalería e ocio

do consumo interno. Pero claro, se nin sequera nos preocupamos de que Vigo sexa o Porto Nodal se xa o deixou o Sr. Blanco moi claro, que lle tomaron o pelo aos vigueses, totalmente.

Por isto, traemos a Pleno esta moción con dous puntos importantes, instar ao Goberno Municipal a incorporar ao vindeiro orzamento do Concello para o ano 2014, unha liña de axudas directas aos comerciantes para reformas de locais comerciais, equipamento, contratación de estudos técnicos relacionados coa mellora da competitividade, mellora da imaxe e adecuación de locais comerciais, así como para a implantación de novos comercios, e en colaboración coa Cámara de Comercio de Vigo e a Federación de Comerciantes un plan estratéxico de apoio ao pequeno comercio vigués.

No primeiro punto temos exemplos moi próximos en cidades como en Vitoria-Gasteiz, onde se apoia anualmente ao pequeno comercio para que poda competir contra a gran superficie, con axudas en función dos seus metros cadrados.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu crin que ao final da moción ían pedir outra vez o do Porto Nodal, porque estabamos falando de comercio e ao final, Porto Nodal que efectivamente moita culpa a ten o Sr. Blanco, pero que o Partido Popular votou en contra na Unión Europea, os deputados europeos do Partido Popular, simplemente esta cuestión para pasar ao que nos trae esta moción que é o apoio ao pequeno e mediano comercio.

Nós ímoslles a dicir unha cousa xa para que quede para sempre aos membros do Partido Popular, sempre que traian unha moción ao Pleno que signifique unha absoluta demagogia e unha absoluta contrariedade co que vostedes logo defenden nos Gobernos Central e Autonómico, ímoslles votar en contra, sempre.

Aquí o Sr. Díaz acaba de dicir algo que é moi importante, que hai que facer plans de actuación no pequeno e mediano comercio que supón unha parte moi importante do Produto Interior Bruto, que hai que facer axudas etc. para que podan competir contra as grandes superficies comerciais, están dicindo vostedes que non poden competir coas grandes superficies comerciais, non o dixen eu, o acaba de dicir vostede, que teñen moito máis capacidade de atracción co pequeno e mediano comercio, pero volvemos a outra gran contradición, é que resulta que o Partido Popular está apoiando publicamente un proxecto como o Porto Cabral, que eu saiba, que é unha auténtica e gran superficie, digo eu, entón non se pode dicir, como dixo o seu voceiro, eu escoitei ao Sr. Figueroa nun programa de radio dicindo, reclamándolle ao Concello información sobre o Porto Cabral e dicindo claramente que “xa sabemos que as grande superficies”, textualmente o dixo, está gravado nun programa radiofónico, “prexudican ao pequeno e mediano comercio da cidade”, logo se xa o sabemos para que queremos poñer máis grandes superficies.

Nos catro anos, señor concelleiro, que o Bloque Nacionalista Galego tivo responsabilidade no comercio desta cidade, por primeira vez en toda a historia desta cidade os pequenos e medianos comerciantes xa levaron axudas, as que vostedes pide agora, máis de 2,5 millóns directos ao pequeno e mediano comercio nesta cidade, reformáronse os mercados municipais, fixéronse campañas de promoción de axuda ao pequeno e mediano comercio tales como, facilitar os aparcadoiros gratuítos á xente que fora comprar a distintas zonas e non me quero estender, con moitas medidas. Nós últimos anos as axudas da Secretaría Xeral do Comercio para Vigo, cero, e eu lle remito agora a súa última intervención que nos diga unha axuda, unha campaña promocional a prol do pequeno e mediano comercio, ou un investimento en infraestruturas no pequeno e mediano comercio da Secretaría Xeral do Comercio nestes dous últimos anos, por dicirlle estes dous últimos anos para non irme xa máis atrás, dígame só unha axuda.

O que non se pode facer en política é dicir en Vigo unha cousa e logo non esixirlle aos seus compañeiros que en Santiago de Compostela tamén atendan a esta cidade, non se pode facer.

Ten vostede razón que esta cidade necesita máis planificación en comercio e ten vostedes razón que o Goberno Municipal nesta materia ten que poñerse as pilas, claro que se ten que poñer as pilas, imos a darlle un pequeno tempo ao Sr. Rivas porque tamén é certo que acaba de chegar a Concellería de Comercio, pero os seus antecesores que estiveron bastante máis tempo tampouco fixeron absolutamente nada a iso que vostede reclama. Para apoiar ao pequeno e mediano comercio o que hai que empezar a esixir é que se lle deixe vivir a ese pequeno e mediano comercio, que se lle deixe respirar e que se lle apoie. Con grandes centros comerciais como o que vostedes e os señores do Grupo Socialista apoian, chámese Porto Cabral, non estamos axudando ao pequeno comercio nin o estamos deixando vivir.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Álvarez ,eu quero agradecerlle a oportunidade que me ofrece vostede de poñer aquí de relevo todo este traballo que está levando adiante para dinamizar o pequeno e mediano comercio, sobre todo no conxunto da nosa cidade. Dende a nosa chegada ao Goberno Municipal son moitas as actuacións que levamos feito e eu hoxe quero que queden claras e poder nomear algunhas delas porque estamos facendo un gran traballo na potenciación do pequeno e mediano comercio. Traballamos en distintas campañas, en axudas, en melloras e todo isto cunha importante inversión que custou varios millóns de euros, hai que dicir que as máis relevantes as dicía o Sr. Domínguez, entre outras atópanse reformas como a do Mercado do Progreso, en marcha o do Mercado do Berbés, reformas puntuais nos mercados do Calvario, Cabral, Teis, Bouzas, As Travesas, como non, axudas específicas

para fomentar e coadjuvar o fomento do emprego, convenios de achegas de persoal dentro dos Plans de Emprego con tódalas asociacións e os centros comerciais abertos, o impulso a tódolos centros comerciais, o fomento do asociacionismo comercial, como non, o Plan de luz do Nadal, e con todo isto a colaboración máis importante nos eventos que cada día, cada asociación ou centro comercial aberto, organiza dentro do que cabe destacar xa sen ir máis atrás, só neste ano cun gran éxito como foi a Shopping night, o concurso de tapas, un referente a nivel nacional ou campañas nos mercados que se están levando adiante.

Ademais eu hoxe quixera poñer en valor que todas estas actuacións foron realizadas sempre, moi importante e hoxe quero deixalo claro aquí, dentro do consenso e da relación que se mantén permanentemente coas asociacións e cos centros comerciais abertos. É periódico o entendemento que realmente hai para coller as súas necesidades e levalas á práctica dende este Goberno Municipal.

Así mesmo, eu quero deixar claro tamén, que dende o Goberno Municipal tentamos promover e fomentar o pequeno comercio e potencialo, non só pola calidade do noso comercio senón tamén pola variedade do mesmo, onde estamos participando en campañas estacionais sobre todo, e en campañas específicas como é a do Nadal, na que só este ano van incrementar os apoios nun alumeado que nos viñan pedindo tódolos centros comerciais abertos e asociacións que fixemos un importante esforzo e así se fixo dende o Goberno que preside o Sr. Abel Caballero, intentando levar a máis das novas corenta rúas e facendo que ese incremento porcentual de máis dun 25% ou incrementando en adornos do Nadal máis dun 58% no momento de crise tan importante como é para este sector, facendo campañas publicitarias de apoio, a unificación dos criterios do comercio único, campañas solidarias, campañas de ornamentación de acorde coa época de cada unha delas.

Señores do Partido Popular, estas son algunhas actuacións que o Goberno Municipal está a levar adiante, mentres vostedes veñen a este Pleno sen saber o que fai este goberno e traen unha moción para dicir que teñen un gran preocupación polo comercio desta cidade, non é certo señores do Partido Popular, vostedes non teñen ningunha preocupación, ningunha, saían a rúa e vaian mirando e falen con todos estes sectores e así poderán falar.

Señores do Partido Popular son vostedes uns hipócritas políticos, non fagan política de dobre cara, unha cara pedindo melloras a este Goberno e outra incrementando os impostos como é o tema de Sogama, que vai influírlle a unha froitería un incremento que vai dende 92 a 139 euros a maiores da cota que tivo este ano, ou un restaurante máis de 61 euros, unha moblería máis de 92 euros, unha cafetería máis 81 euros, un supermercado algo tan básico como é nestes momentos, máis de 145 euros. Señores do Partido Popular non é entendible, vaian vostedes facendo peregrinación para que

os coñezan en Santiago de Compostela, falen co Sr. Feijóo e díganlle que retire isto, teñan un pouco de dignidade e a partires de aí, cando non segan asfixiando a este comercio poderán empezar a ser cribles.

Á moción que vostedes hoxe nos presentan nós imos facerlle unha emenda que vostedes xa dispoñen dela, polo tanto esperemos que se sumen e díganlle ademais onde están a debater nestes intres, estes presupostos e na Deputación e na Xunta de Galicia, polo tanto vaian alí e empecen a dicirlle que a Xunta de Galicia é a que ten competencias, que fan vostedes polo comercio vigués? Nada de nada, e ademais veñen aquí a insultar, pídanlle vostedes a don Mariano, o Presidente, o que diminúa un 60% as inversións en comercio, ou a Xunta de Galicia, ao seu amigo o Sr. Feijóo co seu amigo Sr. Marcial Dorado que fan levando isto.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Santiago Domínguez son auténticos expertos en demagogia, está claro que non lle importa o pequeno comercio o máis mínimo, como pode vir aquí a dicir que vai votar en contra dunha moción importante, necesaria para o comercio vigués? Iso non é responsabilidade política, iso é capricho político, que é moi diferente. Creo que aínda no se decatou que estivemos debatendo na anterior moción de Porto Cabral, nós non votamos en contra de Porto Cabral, nós votamos en contra da chapuza de moción que vostedes presentaron, diso é do que votamos en contra, porque o que non se pode facer é o que presentaron vostedes, con puntos totalmente excluídos, iso é o que non se pode facer, iso non é de seriedade política, nós o que dixemos é que necesitamos información para valorar, para coñecer o impacto que ten no comercio, é positivo ou é negativo, non se poden tomar decisións como viñeron facendo ata agora, Sr. Domínguez, hai que cambiar a forma de facer política, o cidadá nolo está esixindo e vostede segue erre que erre. Antes recoñeceuno, non sabe que se vai facer aí, apoiaron un Plan Xeral, agora din que non queren ese Plan Xeral, pero díganlo abertamente e díganllo abertamente ao seus socios de Goberno, o que non se pode facer é vir aquí e de repente dicir que nós apoiamos Porto Cabral, nós necesitamos información é o que estamos demandando por parte do Concello, por parte do Goberno, dos promotores e saber e coñecer o impacto que ten este tipo de actuacións sobre o comercio local.

Despois con respecto ás axudas, por favor non mas mencione, vostedes non deron axudas, repartiron cartos, iso non é dar axudas. Si falamos do ámbito de actuación sobre os mercados fai falla que lle lembre o que está ocorrendo no Mercado do Progreso que vostede foi partícipe, imos ata alí, vostede e os seus socios de goberno foron partícipes coa situación tan grave que están vivindo actualmente os comerciantes do Progreso, non se poña nervioso Sr. Domínguez, é un experto en marear a perdiz.

Nós traemos propostas, a Xunta de Galicia trouxo iniciativas aos mercados, axudas para as reformas dos mercados, subvencións directas, liñas de axudas tamén a través do IGAPE, como pode dicir que non? Sexamos serios. Nós, e isto por vostede Sr. Rivas, o que queremos é que se lles baixe os impostos aos comerciantes, que se lle baixe o lixo ás froiterías, un 1,4% que é o que vimos pedindo e vostedes quereno subir, esa é a realidade, aí é onde se ve que non están facendo apoio ao comercio, iso é o que teñen que facer, tomen decisións, actúen que xa vai sendo hora, apoien ao comercio e baixen os impostos.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda non se pronunciou sobre ela, supoño que di que non, polo tanto pasamos a votación da moción.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Alvarez Pérez, instando a incorporación no vindeiro Orzamento 2014 de axudas directas aos comerciantes, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

4.A.1(225).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CESIÓN DOS LOCAIS DO VIVEIRO DA ASOCIACIÓN SAN FRANCISCO, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SEREOS. EXPTE. 794/1101.

A PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente do Grupo Popular, en relación co tema do

convenio de xestión da Concellería de Benestar, programa Sereos, como sempre damos por suposto que aceptamos a urxencia, faremos o debate e logo a votación, primeira a da urxencia e despois a do texto.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro de 2013, número 794/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“O pasado 1 de agosto o goberno municipal pechou, sen previo aviso, o local no que se prestaba o servizo denominado “café-calor” e “bocateo”, para os usuarios de SEREOS, en Elduayen. Dende entón pasou a prestarse na rúa, nunha furgoneta estacionada en Jacinto Benavente, sen servizos hixiénicos, sen auga corrente, e sen a máis mínima dignidade para os usuarios e traballadores, como veñen denunciando distintos colectivos.

No primeiro Pleno celebrado no pasado mes de setembro os grupos municipais acordaron, por unanimidade, a reapertura do servizo nunha ubicación permanente no transcurso dun mes como prazo máximo, sen que ata a data actual se teña recibido información algunha, incumprindo polo tanto, o goberno municipal co compromiso adquirido.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que o goberno municipal acometa o acondicionamento e cesión dos locais do Viveiro da asociacións San Francisco, actualmente dispoñibles para a xestión pola Concellería de Benestar, para que poidan ser utilizados para a prestación dos servizos que SEREOS viña desenrolando ata o pasado mes de agosto.”

DEBATE.- SRA. CENDÓN ALONSO: Fagamos un pouco de historia, ano 1997 nace o programa Sereos, Sereos Casco Vello un programa de convivencia e de redución do dano que ten sido un bo instrumento para mellorar a calidade de vida das persoas excluídas socialmente, Sra. Abelairas, non me interrompa xa, politoxicómanos na súa maioría, inmigrantes desarraigados, persoas empobrecidas e que algunhas vense obrigadas a exercer a prostitución, persoas que malviven en infravivendas na rúa, os máis desfavorecidos da sociedade. Programa que a través da interacción con comerciantes e veciños do barrio axudou a reducir a conflictividade, o programa que mellor contribuíu á redución do dano a través do intercambio de material de inserción e preservativos.

Un programa social, en definitiva, consolidado na nosa cidade dende hai quince anos, que ten demostrado resultados na saúde e na convivencia do entorno do Casco Vello. O día 1 de agosto, o local onde se viña realizando o achegamento dos usuarios a través dos denominados “café-calor” e “bocateo”, pecha a súa porta sen previo aviso,

sen ningunha emerxencia que xustifique o peche, e sen lugar alternativo para a continuidade do servizo. Unha crueldade sen precedentes, unha auténtica política municipal de benestar en favor das persoas. Destérrase da particular cidade fermosa do líder Sr. Caballero, aqueles que non se quere ver, para unha zona degrada da cidade, a Rúa Jacinto Benavente, pasando os usuarios a ser atendidos nunha mala furgoneta, sen auga corrente, sen servizos, colocando un par de cadeiras vellas na rúa e tendo e mantendo ós usuarios a intemperie. Un servizo indigno para os usuarios, un servizo vergonzoso para uns bos traballadores que denuncian estas condicións, e ten vostede Sra. Abelairas, a cara dura de falar de recortes da dignidade, vállame Dios?.

Pedimos no Pleno que se nos explicaran os motivos que levaron ao peche, pedimos que se revocara esta errática medida sen que se nos dera ningunha resposta, posteriormente presentamos unha moción para solicitar unha alternativa de local permanente para Sereos, e aprobouse por unanimidade, pero o Goberno Municipal quedou de presentar unha proposta nun mes e non presentou nada.

Pasaron tres meses xa e seguimos sen local e sen proposta, por este motivo o Grupo Popular achega aquí unha alternativa que non pecha o diálogo a calquera outra que poida ser presentada. Solicitamos que o Goberno Municipal acometa o acondicionamento e cesión dos locais do Viveiro da Asociación San Francisco, actualmente dispoñibles tras revocarse as autorizacións de uso das asociacións que as tiñan na Xunta de Goberno do 31 de agosto, e que pase a xestión da Consellería de Benestar como así se acordou nesa Xunta de Goberno. Que poidan ser utilizados para a prestación de servizos de emerxencia, para os servizos de Sereos, como se viña desenvolvendo ata mes de agosto na rúa Elduayen. Consideramos esta situación adecuada porque se atopa próximo aos lugares de convivencia e de encontro aos que teñen dereito estes usuarios, porque conta con servizos complementarios próximos, como comedores sociais, e como centro de inclusión social de Marqués de Valterra.

Hai meses que foi solicitada esta situación, concretamente no mes de maio, polos técnicos municipais, por iso sabemos que contamos co beneplácito dos técnicos municipais. Estes técnicos non tiveron resposta tampouco, e cando preguntaron polo acordo da Xunta de Goberno do 31 de Agosto, a Sra. Abelairas como sempre, no espacio, non se había decatado de que estaban a disposición de Benestar estes locais. Por isto, nós solicitamos, que dado que están baleiros e que segue baleiro tamén Elduayen, que se utilicen para o programa Sereos.

Falaba vostede Sr. Rivas de campañas de Nadal, pois miren ningunha mellor campaña de Nadal que recoller á xente que deixaron vostedes tirados, esa é a mellor campaña de Nadal, non precisan de adornos, o que precisan é dun sitio digno onde se lle poida prestar un servizo que foi pioneiro nesta cidade e que vostedes están gaseando.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A ver si nos calmamos un pouco porque o debate desta moción é un debate serio e importante, eu o cualificaría para min como o máis importante de todo canto estamos debatendo porque si que aquí está en xogo a dignidade das persoas.

Señores do Goberno Local, Sr. Alcalde, non se pode estar acusando, como aquí se estivo e con toda a razón, ás políticas de recortes sociais e de recortes que afectan ás persoas que fai a Xunta de Galicia e logo mirar para o outro lado, señores do Goberno local, cando nesta mesma cidade e con competencias que xa non son da Xunta de Galicia, que son súas, efectivamente vostedes non priorizan a dignidade das persoas. E non as priorizan porque moito que antes quitaban os papeis de que hai que cumprir co Plan Xeral e non sei que máis, pois lémbrolles que hai un acordo plenario, Sr. Alcalde, aprobado por unanimidade onde se lle dicía ao Goberno Local que nun mes tiñan que ter unha solución ao problema desta xente, e vostedes, Sr. Alcalde e Goberno Local, votaron a favor dese acordo.

Polo tanto, non se pode criticar a unha administración cando está recortando a dignidade das persoas e logo cando temos competencias nós na nosa propia cidade mirar para outro lado. Por iso eu píddolle a concelleira de Benestar Social que nos diga, que nos explique por que despois de tres meses as persoas usuarias de Sereos non poden ter un sitio digno e estable como esa moción que vostedes tamén aprobaron, solicitaba. Cales foron as xestións que fixeron? Por que a día de hoxe esta persoas non teñen ese espacio? Explíquenno, é o mínimo que poden facer despois de ter incumprido un acordo plenario que lles esixía que nun mes tiveran a solución. Non pode irse á presa e correndo collendo unha avión a Madrid para falar con non sei quen e logo ter a estas persoas desatendidas e nunha furgoneta.

Cando menos, Sra. Concelleira, que se lle supón a sensibilidade con estas persoas, eu quero supoñerlla, ten vostede que explicarnos por que a día de hoxe non hai esa situación, e ten vostede que explicarnos que pasos deu este Goberno Municipal para arranxalos. Tamén ten que dicirnos cando vai estar arranxada, evidentemente non sei cantos acordos plenarios levamos incumpridos, pero para o Bloque Nacionalista Galego este, sen lugar a dúbidas, é a día de hoxe o máis importante e o máis prioritario que o Goberno Local ten que darlle cumprimento.

Como vostedes nin se sabe, nin nos din o que queren facer nós imos apoiar esta moción, porque polo menos hai unha alternativa que se pon enriba desta mesa, que existe a posibilidade de utilizala, porque o Bloque Nacionalista Galego nunca fixo problema da situación, pero si fixemos problema de como se estaba atendendo a esas persoas.

Polo tanto, xa que vostedes non din nada, non poñen situación, imos apoiar a moción do Partido Popular, pero cremos Sra. Abelairas que nos ten que explicar, esta é unha

absoluta prioridade para esta cidade, eu concordo co Sr. Rivas de que hai iluminar a cidade, hai que facer tamén que a cidade viva o ambiente de festa de Nadal e potenciar aos comerciantes, pero esta xente se vostedes queren e o fan prioritario, este Nadal tiñan tamén que ter un sitio para que foran atendidos dignamente. Iso é o que lle imos reclamar dende o Bloque Nacionalista Galego e o que lle imos a esixir.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Quería comezar por unha cousa, quítense a careta, señores do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, volvamos atrás, primeiro eu teño quitaba, míroos directamente ao ollos e dígolles, síntome tremendamente orgullosa de estar nun goberno presidido por un Alcalde Socialista que nunha época de crise como esta, foi capaz de abrir un centro de inserción e integración social en Marqués de Valterra, con servizos para todos, sen poñerlle unha etiqueta a ninguén, gracias ao esforzo dun goberno socialista, por mal que lles pese. Quítense a careta, eu miro directamente aos ollos a aqueles que está alí, aqueles señores e señoras, esíxolles a vostedes que recoñezan que son uns hipócritas políticos porque foron vostedes os que esixiron que se retiraran da Praza da Princesa, falaban ata do botellón, presentaron unha moción nesta Pleno porque lles estorbaba, xa llo dixen nun Pleno e esixiron que se foran de alí, miren non teñen nin idea por iso quítense as caretas, píddollo encarecidamente, quítense as caretas. No momento en que nos movemos para buscar un local aparece a “Comisión de afectados” que non os queren alí, ninguén quere diante das súas casas a persoas que o necesitan, vostedes os primeiros, non mintan.

Non saben nin o que é, ese programa Sra. Cendón está subvencionado pola Xunta de Galicia a través do Programa Sísifo que ten asinado un convenio con Érguete, Sra. Cendón, e o Concello de Vigo para ese programa, aporta os alimentos e as xeringas necesarias para poder atender a esa xente, café e os bocadillos. Sra. Cendón, xa que hai tanto interese imos agora mesmo en canto acabe, todos a buscar o local. Como é un programa da Xunta de Galicia asuman as súas competencias, non diga que non, míreme eu estouna mirando aos ollos, porque é como hai que mirar as persoas aos que necesitan que os miremos aos ollos e lles falemos co corazón. Non fagan demagogia cos máis necesitados, díganme onde que agora mesmo imos para alí, mira as plantas que están pechando para non atender aos enfermos no Hospital Xeral, Nicolás Peña, os despachos de todos eses delegados que teñen vostedes aí na Xunta de Galicia, díganme onde, imos agora mesmo para alí, porque é o voso programa, Sísifo, subvencionado por vostedes, non estamos aportando a nosa parte o que nos corresponde e o que non nos corresponde tamén.

Dígolle outra cousa máis, non estamos nos vetando ningún sitio, son vostedes, en canto nos movemos alí van porque non nos queren, foron vostedes que a nós non nos

estorbaban, aos socialistas non nos estorbaban na Porta do Sol, foron vostedes señores do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, os que propuxeron unha moción, a trouxeron a este Pleno esixíndolle ao Goberno Municipal que a retirara, non é mentira, é certo, falaron de botellón, esixíronlle ao Goberno Municipal que retirara de Elduayen o programa Sereos, vostedes a través dunha moción, vaian ao Pleno e revíseno.

Leccións en canto a política de Benestar ningunha, absolutamente ningunha porque eses Gobernos aos que vostedes están continuamente aludindo, os gobernos do partido socialista empezando polo Sr. Felipe González e o último polo Sr. José Luís Rodríguez Zapatero, foron os únicos que se preocuparon das persoas e vostedes están empeñados en desmantelar totalmente e absolutamente o estado de benestar, esa é realidade, por iso lle digo síntome tremendamente orgullosa de estar nun goberno que foi capaz de abrir un centro de emerxencia e de integración onde podemos atendelos a todos sen etiquetas, deixamos aos máis necesitados atendidos, vostedes están acabando con todo, será a súa responsabilidade. Mírenlle aos necesitados aos ollos e explíquenlles o que están facendo, todos os venres no Consello de Ministros con Decretos chega o Sr. Rajoy coa súa carpeta e o que fai e cargarse absolutamente todo o que ten que ver coas políticas das persoas.

SRA. CENDÓN ALONSO: Mire Sra. Abelairas vostede mirábame a min aos ollos, eu si que podo mirar aos ollos dos usuarios, mírolle ben aos ollos porque estou defendendo a eses usuarios, estou facendo unha proposta que tiña que facer a concelleira de Benestar hai tres meses, non foi quen de facer ningunha proposta e nós aínda que pareza unha inxenuidade facemos unha proposta porque cremos niso.

Vostedes son inmorais, os principios e a ética do Partido Socialista na cidade de Vigo non fan pe, Sra. Abelairas, e vostede debería facer un “cursiño” de natación. Pedimos por escrito que se nos mostrara a documentación e o soporte legal deste servizo que están a prestar, deste novo recorte que están a facer, non o entregaron, o reiteramos, pero hoxe descubriuse vostede, e que non hai nada é unicamente o dedo do amado líder o que quita e pon adxudicacións neste Concello. Vostedes non teñen ningún “amiguiño” máis para contratar no servizo de Sereos porque o servizo de Sereos hai dez anos tiña catro traballadores, tiña voluntarios do Cristo da Vitoria, vostedes non teñen nin ese número de traballadores, nin teñen no seu partido ningún voluntario coa suficiente xenerosidade para votar unha man no servizo de Sereos.

Sra. Abelairas, a auténtica realidade é que o local de Elduayen segue baleiro, sen ningún uso, nin para Sereos nin para outra cuestión de emerxencia social, a cuestión auténtica é que o Viveiro de Asociacións ten catro locais baleiros e que se podían poñer a disposición de Sereos e non se fai. Non só como nós, tamén os afectados

tamén os usuarios, as asociacións apoian isto, recentemente fixeron unha actuación na que mexaban contra unha parede, esa é a situación a que os abocaron, pois mire señora foi unha representación con bastante orixinalidade e sabe que lle digo? Mire que a iso é aos que abocaron, á marxinalidade, iso é representación e a denuncia da gran mexada deste Concello, da Concellería de Benestar, da súa falla de xestión, dou seus incumprimentos plenarios.

Sr. Domínguez, non sabía vostedes cantos incumprimentos plenarios temos, pois mire cóntolle 70 no que van de mandato, ata agora, se multiplicamos por dous remataremos con 140.

A PRESIDENCIA: Rematouse, Sra. Abelairas garde silencio, a chamo á orde. Non insulte Sra. Cendón, aquí non se insulta. Sra. Cendón non ten a palabra, a chamo ao orde, segunda chamada ao orde, Sra. Cendón, mire aquí hai un Regulamento e ese Regulamento vaise cumprir.

Pasamos á votación. Sometemos a votación o punto 4.4.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, acórdase incluír a moción na orde do día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia,

ACORDASE.

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando o acondicionamento e cesión dos locais do Viveiro da Asociación San Francisco para utilizar polo servizo de SEREOS, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5(226).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

*** ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO Á TRAMITACIÓN NECESARIA PARA POÑER EN MARCHA O PROCESO PARA ELEXIR NOVA DIRECTIVA DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL .**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sabemos da situación da Agrupación de voluntarios de Protección Civil, sabemos que o seu Presidente renunciou en setembro, e que ata o venres pasado non se constituíra a Xestora. Rogamos que en base á responsabilidade competencial comece de forma inmediata os trámites que dea inicio ao proceso democrático de elixir a directiva da citada agrupación de voluntarios e normalizar os servizos prestados.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

*** ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DAVILA, RELATIVO Á RESPOSTA DA PETICIÓN DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO PARA MANTER UNHA REUNIÓN.**

SR. PÉREZ DÁVILA: Na última xuntanza da Agrupación de Festas de Vigo celebrada o pasado 9 de novembro, os representantes de varias festas da nosa cidade informáronnos de que recibiron unha comunicación por parte deste Concello sobre unha serie de condicións en materias de organización e seguridade, e segundo nos trasladaron, as festas son as primeiras interesadas en tomar medidas a este respecto e mesmo que levan tempo interesadas en poder ser recibidos por algún membro do Goberno Local competente nesta materia, para poder falar e consensuar estas cuestións, sen que o Goberno Municipal teña respostado o ofrecemento para unha reunión. Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular roga ao Goberno que se reúna coa Agrupación de Festas de Vigo.

A PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro, estaríamos encantados en reunirnos con eles pero

temos ningunha petición, polo tanto tan pronto como recibamos a petición estaremos encantados de reunirnos como facemos como todo o mundo.

*** ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ, RELATIVO Á PETICIÓN PARA QUE RETIRE AS CALUMNIAS FEITAS POLA CONCELLEIRA DONA MARÍA ÁNGELES GARCÍA MÍGUEZ.**

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. Alcalde, en nome de tódalas mulleres vítimas de calquera tipo de violencia, rógo lle solicite á concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, dona María Ángeles García Míguez que retire a calumnia que fixo no Pleno o día de hoxe.

Dicir lle que dende o Concello de Vigo que respectamos a dignidade das mulleres e atendémolas a todas sen etiquetas.

Prégolle que lle solicite que retire esa calumnia.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota da petición.

6(227).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AOS SERVIZOS DO MONTE DO CASTRO.**

SRA. VELOSO RÍOS: No Monte do Castro existen uns servizos públicos que foron arranxados este verán pasado pero permanecen pechados. Cando teñen previsto abrilos?

Ademais, alí tamén retirouse o colector do lixo que estaba situado preto do espacio da Concellería de Xuventude, Súbete ao Castro, queríamos saber se van volver a colocalo e cando. Precisamente ao redor deste espacio, da Concellería, a iluminación é moi deficiente o que provoca, sobre todo agora que se fai de noite moito antes, dificultades e inseguridades para as persoas usuarias en canto se fai de noite, hai previsión de mellora da iluminación do contorno do parque?

A PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO Á POSICIÓN DO ALCALDE EN CANTO AS INICIATIVAS TOMADAS NA PLATAFORMA EN CONTRA DO CANON DE SOGAMA.**

SR. ALONSO PÉREZ: O pasado luns día 17 de novembro realizouse unha reunión en Santiago, de Alcaldes, Concelleiros/as desconformes coa suba do canón de SOGAMA, sen que acudira ningún membro do Goberno de Vigo, participa o Alcalde das medidas que se acordaron nesa reunión para impedir a suba do canón?. Pensa o Alcalde sumarse ás iniciativas tomada nesta plataforma.

A PRESIDENCIA: A nosa proposta foi presentada por escrito, estou encantado de que haxa esta plataforma de Alcaldes que se resistan a pagar as cotas de SOGAMA, porque os primeiros que levantamos a voz en contra disto fomos o Concello de Vigo, e polo tanto, o saúdo con entusiasmo que se haxa constituído esta plataforma. Con respecto a sumarnos ás accións iremos vendo cada unha das que fagan e decidiremos.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. RELOVA QUINTEIRO, RELATIVO Á APERTURA DA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE.**

SR. RELOVA QUINTEIRO: En 2011 ábrese, inaugúrase o edificio en Beade para a Escola de Música en Beade, e resulta que se pechou, nunca se puido utilizar, hai queixas polo usuarios, non poden entrar, non poden ensaiar, non poden estudar e estamos esperando se xa en 2015 se pode entrar ou vaino a inaugurar de novo, por segunda vez. Saber cando se vai a inaugurar e abrir definitivamente o uso.

A PRESIDENCIA: En Beade haberá unha Escola de Música porque este goberno fixo as obras, investiu, a puxo en marcha e téñolle que dicir que hai unha gran satisfacción en Beade por esta decisión. Por esta Escola recibimos felicitacións do Presidente da Banda de Beade, onte mesmo, que estivemos con eles, recibimos a felicitación do Presidente da Banda por esta obra. Polo tanto, de apertura inmediata e por fin Beade tras tantos anos ten unha escola de música.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

catorce horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.